



Xermolos

Asociación Cultural de Guitiriz

Debuxo de *María Vidal Rodríguez*



Cadernos

XXXIII Certame Terra Chá
de
Literatura e Debuxo

A XEITO DE CANCELA

Cada ano imos contar coa lembranza dalgunha ou dalgún participante neste Certame, e que bota unha ollada para aquela primeira andadura. Alba Sofía Naseiro Lamas, é unha creadora dende moi nena. En Pardiñas disfrutamos da súa sensibilidade e inxenio. Participa en moitas actividades culturais, e todos os anos recítanos a poesía de Manuel María no seu cabodano, a carón das Penas de Rodas, ou na beira do Río Miño.



O COMEZO DO CAMIÑO

Un premio pode significar moitas cousas. Depende da persoa. Depende do momento. Dos primeiros premios que recibín, froito de pequenos intentos de responder á necesidade de expresarme cando aínda era unha nena, gardo un gran recordo. Lémbreme o sentirse un paxaro torpe e inocente saíndo do niño para comezar a voar, ver o mundo, aprender cousas novas... e volver á rama, ao niño maternal, para ser ben aconsellada e continuar cara adiante.

Eses premios téñollos que agradecer á Asociación Cultural Xermolos. Sen o ánimo e o pulo que supuxeron para min, agora non seguiría escribindo... e creando. Grazas á experiencia recibida dos persoeiros que nos acompañan a todos os que algunha vez participamos, agora son quen de valerme por min mesma para dicirvos estas palabras.

Tiven a honra de gañar, pero tamén de entregar esas pequenas pero moi valiosas recompensas, e animar a outros a seguir o camiño da literatura. Quédame un mundo por andar, pero sería aínda máis camiño de non ser por Xermolos.

Sorte a todos, e grazas!




Alba Sofía Naseiro Lamas

UNHA EDICION ESPECIAL EN TRES TEMPOS

Nestes 33 anos de Certame afrontamos circunstancias diferentes, sempre momentos e ata crises de crecemento.

1º- Nesta edición, varios colexios comunicaronnos que tiñan decidido non participar en actividades extraescolares en protesta polos recortes que están a producirse no ensino. Algo que tamén nos preocupa a nosotr@s. Esta resolución mermou a participación no certame, Reproducimos a EDITORIAL que publicou o Colexio Insua Bermudez de Vilalba, sempre na primeira liña de colaboración con este certame, e que mesmo informou este curso a alumnas e alumnos da posibilidade que tiñan de participar a título individual. Esta decisión tamén afectou as súas actividades, como a Revista A Pravia (nº 63): “Un exemplar especial por dous motivos... Especial tamén porque neste número, os tres centros de Ed. Infantil e Primaria da localidade unificamos as nosas portadas e editoriais, tentando amosar o noso descontento e chamar á reflexión dos lectores polas medidas que a Administración Educativa está a tomar co ensino público. Medidas que van dende os recortes nas dotacións económicas para funcionamento dos centros ou recortes aos EDNL... ata a supresión de postos docentes ou deterioro da ímaxe do mestre/a, menosprezando o noso labor, pasando por atribuir función que non corresponden ao profesorado, como pode ser a vixilancia do alumnado transportado. Lembramos que as actividades extraescolares son voluntarias e que o profesorado non escatimaba tempo nin vontade para realizalas, empregando incluso horas non incluídas no horario lectivo, tempo que o profesorado puxo sempre voluntaria e desinteresadamente á disposición da comunidade escolar. Esta situación especial vivida durante o curso orixina que neste exemplar non se manteña a mesma estrutura dos exemplares anteriores.

Agardamos volver á normalidade o máis axiña posible, e agardamos tamén que a Administración Educativa recapacite e amose o seu interese, que debe ser o interese de todos POR UN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE DE TODOS E PARA TODOS. Ata a vindeira primavera”. SOLIDARIZAMONOS cos centros de ensino nesta encrucillada que estamos a sufrir



Paco Martín conversa cun dos premiados

2º- Nesta liña, de facer camiño cos centros de ensino, tamén festexamos as súas traxectorias. Celebramos os 25 anos do Colexio de Monseivane de Moreda-Lanzós, con este texto, porque este océano de creación non ten lindes. Xa antes de construírse, participaban na Escola do Adro, dende os primeiros anos deste Certame Terra Chá.

25 ANOS DO CEIP MONSEIVANE

Coñecín primeiro os alumn@s da Escola do Adro en Lanzós, que participaron dende os comezos no Certame Terra Chá do Festival de Pardiñas, nos 80. No 86, na 7ª edición, aínda asinaron os contos e poemas na escola primaria. Xa no 87, remitironnos dende o Colexio de Moreda. Era o seu primeiro curso. Celebrano o 5. Coma ensinante fun percibindo que na comunidade



escolar tod@s podemos aprender, tamén os nen@s transmitenos **horizontes novos: xestos, contidos, actitudes...**, que arrequecen a vida de adultos. Descubrín que ós de Lanzós acaialles a natureza, e sentin a súa paisaxe. Era unha escrita enchoupada de emoción polo máis feble do seu entorno, compartían os trazos diferenciadores da nosa comarca. Unha literatura tan plástica e visual, que me permitiu subir con eles ó Monseivane, escoitar a música dos seus ríos, saborear, por primeira vez, un gorentoso capón, perderme no castro de Adro, alí preto da súa escola. ¡Qué gozo cando souben que a ergueran os emigrantes!. A Escola Habanera, que fica coma un faro que orienta nas brétemas que están a acosarnos: despo-

Leticia Yáñez directora do Museo de Lugo, felicitando a unha das participantes.

boación, recortes que pechan as escolas rurais... “El Progreso de Lanzós” en Cuba converteuna coa súa estrutura harmoniosa e nobre, nun sinal do señorío desta veciñanza para os que penetramos polos seus camiños. Festival a festival estaban a abrimme o corazón da Chaira, por iso feliciteinos cando bautizaron a nova agrupación, co nome do Monseivane, unha das olladas máis limpas e fieis do universo chairego, dende alí apreciamos a súa inmensidade, de Vilalba á Feira do Monte. Entendín que tivesen tanta arte para dar a coñecer estes eidos, foi a luz primeira que bicou os seus corazóns, e cando se escribe con esa sinceridade, engaiolase ó lector. Na primavera seguen a agasallarnos cos gromos da súa creatividade, no Certame de Pardiñas e no Benxamín Paz do Insua Bermudez; son os latexos das nosas comunidades, por iso publicaron: “A nosa identidade”, onde recollen os oficios (2007), mergullaronse na Lagoa de Cospeito (2008) para afastarnos do lixo e daquelo que pode destruír a Terra, e afondaron nos sinais do noso xeito, da nosa ética e boa convivencia, escenificando a lenda das tres mozas da Charca do Alligal, encantándonos cos tesouros da sabedoría do pobo. Alfonso Blanco Torrado (EL PROGRESO, 17 de abril de 2012)

3º- Pero por outra banda, o feito de que algunhas e algúns desta familia estivesen de cumpreanos, sempre hai “vodas de prata” ou de ouro..., agrandou a traxectoria do certame, pero non só coma institución, tamén a nivel de individuos ou pequenos grupos así sete mozas e mozos de 2º de BAC do IES de Guitiriz, “POETA DIAZ CASTRO”, agasallannos cunha abundante e fermosa colleita de debuxos e pinturas que honran esta convocatoria, algunha e algun teñen participado en edicións anteriores dende Educación Infantil, enchoupándonos de vagas sucesivas de imaxinación, cada unha con forza e cor máis ou menos intensa, como as sucesivas olas do



Xosé Chao Rego Agasallando a un dos rapaces Premiados

mar. Entusiasmanos, este crecemento das persoas, que se manifesta na súa emoción artística e no seu afán por compartillar os seus valores e arte. E si dalgún xeito fomos camiñando á par do Colexio Monseivane nos seus primeiros 25 anos, e solidarizamonos coas reivindicacións dos colexios polos recortes da administración, tamén festexamos que esta promoción de Guitiriz remata os seus estudos nesta comarca, despois de agasallarnos en etapas anteriores dentro das pautas deste certame. Porén suplimos os atrancos dunha política que non potencia a creatividade, con este berro: “A IMAXINACIÓN Ó PODER”, porque as cores e formas desta promoción apostan polo futuro, superando as trabas que están a poñernos no noso camiñar. Pero nada mellor que unha compañeira de 1º da Eso do mesmo centro, para despedilos, tal como fixo no les de Guitiriz. Si repasamos as e os premiados en edicións anteriores, Eva Fernández Paderne, sempre estaba alí, entre as que nos emocionaba cos seus versos, contos e debuxos. Neste ano tamén con poemas e debuxos, como podemos ler aquí. Esta é a súa intervención:

ESTIMADOS COMPAÑEIROS DE 2º DE BAC

Ante a proximidade da vosa marcha definitiva deste instituto, para iniciar outra etapa da vosa vida, os vosos compañeiros non queremos deixar pasar a ocasión de despedirnos de vós, pero sobre todo de felicitarvos por ter superado con éxito este longo camiño dunha maneira tan exemplar.

Para nós, alumnos de 1º, que chegamos de novo a esta viaxe que vós acabades de rematar, fostes un exemplo a seguir, uns bos compañeiros aos que imos botar de menos: porque aínda que só compartimos un curso, chegounos para ver que mereceu a pena coñecervos. Oxalá todos nós sexamos capaces de chegar a onde estades vós co mesmo éxito!

Non queremos dicirvos adeus, senón ata logo, porque seguro que algún día nos volveremos a atopar e, aínda que non sexa así, sempre imos recordar a eses excelentes compañeiros que un día tivemos, cando chegamos de novatos a este instituto.

Noraboa por esta etapa superada, que teñades moita sorte de aquí en diante, que sexades moi felices e sobre todo, sabede que deixades este instituto, mais non se vos vai esquecer.

E lembrade, como di a canción, que sodes libres para conseguir o que vos propoñades e cumprir os vosos desexos. Unha aperta.

Eva Fernández Paderne



SEGUIMOS MEDRANDO, e as achegas e iniciativas deste ano, convidannos a inserir en vindeiros anos novas canles de participación: ampliala a bacharelato, e a outros soportes coma o audiovisual, as novas tecnoloxías, etc. Tamén darlle pulo ós traballos colectivos, que xa sempre estiveron presentes neste certame.

GALICIA

Este ano en Galicia
había moita sequía,
e eu non me ría
porque auga falta facía.

No mes de abril
comezou a chover,
e as augas mil
ás árbores axudou a florecer.

Na nosa comunidade
traballo moito hai,
depende da idade
e disto, e moito máis.

As tradicións en Galicia
non poden faltar,
sobre todo de día
para cantar, bailar e saltar.

Hai moitos animais:
galiñas, porcos, vacas,
destacan as aves reais,
a estes animais facémoslles cas, cas, cas.

Galicia é a mellor
no primeiro sector,
e danos moitos cores
para os nosos arredores.

Anyela Roca Paz

4º E. P. C.E.P. Santo Estevo Parga



O SON DA GAITA

Xa se oe o son da gaita,
xa veñen os gaiteiros,
viste a roupa nova,
vamos todos de troula.
O son da gaita levanta as nenas.
O son da gaita espanta as penas
ai, miña gaita, gaitiña,
lonxe do teu son sinto morriña.

Gaita galega, gaitiña feiticeira,
non quero deixar de oírte,
no mar, no campo, na veiga
para bailar e seguirte.

Na noite de San Xoán,
ao son da túa muiñeira
e ao calor da cacharela,
vivimos unha noite meiga.

Eva Fernández Paderne.

1º da ESO. IES de Guitiriz

ERA UN HOME CASADO CO MAR

Martín era un home casado co mar. Aquela era unha relación un tanto extravagante e incomprendible para moitos. Cautivoulle dende moi meniño, xa que daquela, malia que realmente el pertencía á Terra Chá, adoitaba mergullarse nas salgadas augas do Atlántico, ata que os dedos e as dedas remataban cobertos de enrugas. Podía pasar horas e horas a escoitar o son das ondas a bater contra a area quente polo sol do verán, e a uliscar ese arrecendo inconfundible. Gardaba con sorprendente agarimo unha caracola nacarada, branca e con aleatorias raiolas alaranxadas, de textura rugosa. O seu avó contáralle que se estaba moi caladiño, e poñía a orella ao carón da cuncha, sería quen de escoitar o mesmo mar. Por iso, Martiño tapaba sempre o extremo aberto cun pano de tea branca, para que non fuxira aquel son.

Co paso dos anos, Martiño marchou das terras de labranza de Vilalba para cambialas pola vida dos tan axetreados portos das Rías Altas, a súa nova familia adoptiva, por así dicilo. Traballou día e noite, ata que conseguiu embarcarse, ese sono que tanto o perseguira dende o berce. Tratábase do seu primeiro traballo na pesca de baixura, cada tarde cedo volvía á casa e polas noites erguíase antes ca ninguén cheo de enerxía para de novo ir ao seu encontro co

mar. Aquel era un mariñeiro exemplar, de vocación sen igual. Fachendoso dun traballo proletario, despertaba a admiración de toda a cidade herculina. Moitas mozas estiveran pola labor de enoivar co rapaz, pero el rexeitábaas con docilidade. Os seus compañeiros de traballo dicían que el, de profesión era un home e de nacemento, mariñeiro. Malia os anos non pasan en balde para ninguén, e as súas mans cada vez semellaban máis curtidas. El sempre estaba agradecido e cheo de vitalidade para a súa tarefa, dende logo, era algo digno de ver.

Mais un día, a rutina de Martín rematou. Como era costume, el saíu cheo de vitalidade e sen ningún temor comezou a xornada. Adentrárase xa nas augas, e fixera unha pequena pausa para tomar o almorzo, cando un temporal repentino colleuno totalmente por sorpresa. A oleaxe era unha das piores nunca vistas, e as expectativas de sobrevivir, escasas. Con grandes esforzos, logrou que a barca resistira algún tempo, pero non foi abondo. Nunha batida das ondas contra a embarcación, caeu co lombo ríxido contra unha das paredes, dun xeito tan brusco que perdeu o coñecemento.

Espertou, no cuarto dun asilo, cunha única ventá con vistas ao mar. Quedara dependente dunha cadeira de rodas para se desprazar, polo que lle foi imposible volver ao seu traballo.

Aínda hoxe quedan vellos mariñeiros que relatan esta historia. Uns din que morreu da pena, preguntándose o por qué daquel suceso. Outros, que nun intento de volver a atoparse co mar, resultara afogado, ao ser incapaz de nadar. Pero todos coinciden, en que Martín era un home casado co mar.

Icía Rodríguez Arias

4º da ESO I.E.S. Francisco Aguiar de Betanzos.



UN CONTO EXTRAORDINARIO

Un día unha nena comprou un conto na librería. A noite léuno e pasou algo extraordinario: o conto xigante levouna para o interior da historia. Trataba dunha selva que tiña animais moi divertidos e faladeiros. Ali fíxose amiga dunha cadela azul chamada Bolboreta, dun elefante de cores, Mister Orelas, e dun neno moi áxil, Alberto.

Os catro pasábano fenomenal e déronse conta de que o portal para volver á Terra, pechárase. Os seus tres amigos encontraron as instrucións para abrir o portal:

1º- Collían animais e facían unha torre: primeiro os grandes e logo os pequenos.

2º- Logo tiñan que ir á guarida do mago, a pedirlle un conxuro máxico que só el o podería facer. O mago díxolles:

-Axudareivos se me traedes unha flor do val das abellas que hai ao outro lado do monte.

Os catro atravesaron o monte e chegaron ao val das abellas.

-Todas as flores teñen abella!, berraba a nena.

- Menos aquela, quen a vai coller?

Ao final foron os catro xuntos.

Cando chegaron á guarida do mago déronlle a flor, púxoala nunha pócima e saíron fogos artificiais.

A nena escalou a torre e poido saír. Cando vai durmir, sempre lé o conto e entón os seus amigos a saúdan para que durma contenta.

Pero ás veces a nena volve a entrar no conto para visitalos e xogar con eles porque os bota de menos.

Sabela Lema Riveiro

3º de EP./C. E. I. P. Eugenio López (Cee)

DOCES VERSOS

Doces versos que na miña
lingua escribo,
maquillando as paisaxes, a xente
e fadas dos ríos,
vendo anoitecer a Galiza
agochándose co sorriso colorado.
E ollando as figueiras,
onde se agochan os paxaros.

Sinto as cores na alma,
e bico o chan que me garda,
Aloumiño o son da gaita,
Que a bailar me chama.



E así, coidando
cada palabra que escribo
deixo entrever esa afectividade,
que me une a ti,
a ti terra galega,
a ti que te disfrutei dende nena,
pola porta santa,
polas beiras das augas do río Ulla,
polos castros deshabitados deses teus
inesquecibles antepasados,
fun ó cume máis alto para ollar
as túas entrañas,
namoreime da túa cor
que se molla polo inverno cas augas,
a ti que tanto te chaman,
a ti que os anos non che pasan,
a ti que a beleza é admirable...
a ti Galiza, sangue do meu sangue...

Liñas que delatan un sentimento,
cando escribo poesía,
ventás que amosan a cara
do meu lado máxico,
o da poesía....
E así descubrín un día
que podía maquillar
as palabras cunha tonalidade doce,
souben expresar o que nunca
me atrevería a dicir,
chamei ó idioma galego que me inspirase,
construíñ lemas da vida,
empapei os ollos no meu pasado
e redatee a melodía dos meus recordos,
fixen o amor en tinta e papel....



SOIO CHE CANTO A TI, MEU AMOR
Soio che canto a ti, meu amor,
soio te suspiro,
morfina desta dor,
por eses teus ollos feiticeiros
alento cálido e adocido
traenme tolo, bonita,
por que non che son correspondido?
ben sabes miña rosa
que as túas espiñas se me cravan
cando non me falas miña nena,
cando me torces esa mirada,
rapaza morena
de mirares dourados,
cabelos feitiños,
cariña de anxo,
dóeme tanto miña moza!!
Que non che sexa do teu agrado...
Dóeme tanto miña prenda
que non sepas canto te amo!!
Corpo núo ante ti
que necesita do teu manto,
como na primaveira un paxariño
que a aloumiñe co seu canto,
fervenza sen auga,
noite sen lúa,
se ti me faltas...
Meniño sen cuna,
berce do meu querer
que asolagas de paixón,
condenado neste inferno
por pecar do teu amor,
follas mustias
por un mal mencer,
son como as miñas horas sen ti
cando non te podo ver,
agardo miña nena
un sorriso do teu ser
agardo que me queiras,
agardo para te querer.

Noemí García Carbia
ESO. N^o 1. A Estrada

O PARAUGAS VOADOR

Era unha nena á que lle regalaron un paraugas polo seu cumpreanos.

A avoa desa nena díxolle: “non abras o paraugas dentro da casa”, pero a nena nin caso, abriu o paraugas e por sorte non pasou nada.

Un día a nena saiu a pasear co seu paraugas novo, ese día facía moito vento e chovía un montón. De repente o paraugas saiu voando e a nena pensou “tería razón a avoa cando me dixo que non abriera o paraugas dentro da casa?”.

A nena quedou coa boca aberta vendo como o seu paraugas voaba empuxado polo vento.
-O meu paraugas novo!-berraba a nena.

Paula López Sánchez

2º de E.P. C.E.I.P. de Foz Nº 1



A ESPERANZA É O ULTIMO QUE SE PERDE!!

A infancia da pequena Xeila non foi nada fácil, dende o primeiro momento en que chegou ao mundo todo foron problemas para ela e a súa familia.

Esta historia acontece no 1936, ano no que Manuela dá a luz a súa undécima filla, Xeila. Anterior a este acontecemento, a vida de Manuela xunto co seu home e fillos era, máis ou menos, feliz; pois, naqueles tempos abundaba a pobreza e a miseria, pero coa chegada desta rapaza todo cambiou para peor.

O problema viña dado por unha malformación embrionaria que deu lugar a que a pobre Xeila nacesse cunha soa perna, tres brazos e tres ollos. Cando a súa nai a viu nada máis nacer sorprendeuse moito e rechazouna... Isto foi debido a que naquela época non existían medios para seguir e ver a evolución do bebé dentro da barriga da nai, como é posible hoxe en día, polo que o impacto foi maior.

O parto tivo lugar na casa, como era común naqueles tempos. Nel estaban presentes 2 veciñas que facían de comadroas, os cinco irmáns máis vellos de Xeila e o pai. Unha vez que viron a bebé quedaron pampos, agás o Antonio, o pai, que foi o único que se atreveu a collela no colo para limpala e darlle agarimos.

As súas primeiras semanas de vida pasóunas illada nun cuarto escuro onde só entraba o pai, que ademais, era quen a coidaba e alimentaba co leite da súa mellor vaca. Manuela tamén estaba illada dende o nacemento da cativa, non quería ver a ninguén nin probaba bocado dende aquela, polo grande desgusto e depresión que collera ao ver a súa última filla. Tomara o acontecemento tan mal que non deu sobrevivido, e un mes máis tarde faleceu. Co paso do tempo Xeila íase acostumando como podía ao seu difícil modo de vida. Empregou un andador ata os dez anos e, máis tarde axudábase dunhas muletas para camiñar. Ademais de todo isto tiña que soportar as mofas e os rexeites da demais xente, incluídos algúns dos seus irmáns que se rían dela e dicíanlle cousas como: que era un becho raro, que non era irmá deles, que fora mellor que morrese ao nacer ...

Malia todo isto, fixo de tripas corazón e mal como puido e co apoio de seu pai saiu adiante e converteuse nunha excelente ciruxiá que ademais de sacar á súa familia da miseria puido recompoñer o seu corpo coa axuda doutros compañeiros ciruxiáns, ata adoptar un aspecto case normal, porque aínda lle quedaba un defecto imposible de corrixir, que eran os seus tres fermosos ollos azuis.

A pesar deste pequeno defecto, ao que non lle daba moita importancia, seguiu unha vida normal e encontrou un rapaz moi xeitoso e moi guapo que a quería tal como era e co que tivo unha gran familia numerosa.

Andrea Amil Barral

6º de Primaria, Sobrado dos Monxes

A ESTRELA MEDOSA

Hai moito tempo había unha estrela chamada Brillante. Unha noite Dona Lúa díxolle:

-Veña Brillante, hai que saír ao ceo -díxolle-,

-Non quero, Dona Lúa.

-Aí sí? E por qué? Todas as túas compañeiras xa están fóra.

-Sí, xa, pero eu non quero saír porque teño medo, -explicoulle.

Brillante era a estrela máis luminosa, pero ela tiña medo a caer do ceo. En cambio as súas compañeiras pasábano moi ben aí fóra. Dona Lúa intentou convencela:

-Veña, sae dese sofá, e sae aí fóra coas demais, ¡sei que eres valente!.

-Dona Lúa, prométole que saio ao ceo se non me caio.

-¡Ja, ja, ja! ¡Tonterias!- riu Dona Lúa. -Veña, imos, son as once en punto. Mañá xa sairá Don Sol e ti non terás que saír, -comentoulle Dona Lúa.

-Está ben, está ben, sairei. Pero mañá quedarei todo o día na cama, entendido?

-Entendido, -contestou Dona Lúa.

Cando Brillante e Dona Lúa saían da casa, Dona Lúa abriu a porta. Brillante, cando viu o ceo, púxose máis nerviosa. Dona Lúa xa saíra.

-Hola, Dona Lúa! -saudaron a coro as compañeiras de Brillante a Dona Lúa.

-Hola, a todas – dixo Dona Lúa – Escoitade, por fin sae ao ceo Brillante! -dixo Dona Lúa entusiasmada. As estrelas quedaron perplexas ao escoitar que Dona Lúa dixerá iso.

-Que vos pasa? Por qué poñedes esas caras raras?, -preguntou Dona Lúa enfadada.

-Nada, Dona Lúa – respondeu unha estrela.

-Veña, Brillante, vouche axudar a que saias ao ceo -animouna Dona Lúa.

-Está ben, imos alá.

Dona Lúa tendeu a man a brillante e xuntas saíron ao ceo. A estrela deuse de conta que era marabilloso brillar no ceo. Dona Lúa deulles unha noticia.

-Escoitade, está noite viaxaremos nada máis e nada menos que a Paris!!!!

-Uau!. Que ben! - berraron as estrelas.

-Fixen un cachivache para viaxar, só hai que dar a un botón e dicir a que destino queres ir. Veña, imos!

Así, Brillante xa non tiña medo a saír ao ceo e cando chegaron a Paris brillaron todas por riba da Torre Eiffel.



Andrea Gil Engroba

5º E.P.- C.E.I.P. Otero Pedrayo Rabade



A MIÑA ÁRBORE VELLA
Árbore vella que estás aquí
coas pólas de aceiro,
o corazón de rubí,
dime, canto tempo levas aquí?

Agochas, sen saber,
paxaros de cores,
que agochan á súa vez
cantares doutras rexións.

Flores de mel,
follas de chocolate
e vermes escondidos
de diamantes de oito quilates.

Como é que te atopas triste?
É que non ves o que tes?
A brisa cálida ou fría do monte,
o atardecer de onte.

Aves migratorias que se agochan en ti
buscando alguén,
que non lles ensine como vivir,
só te teñen a ti!

Tes presenzas escuras
que te levan á amargura,
agoiros, un mal presentimento,
que che chegaron ata o momento.

Quérete moito, non o esquezas,
porque se ninguén te quere,
ninguén vale a pena.

Sabela Salgueiro García
1º ESO.IES de Guitiriz

O CARBALLO

Na fraga centenaria medraba día e noite
un carballo vello, rexo e forte.
Nevaba, ventaba ou ía calor
e o carballo non perdía o humor.
Chegaron días tristes de dor e traizón,
entraron na fraga máquinas de destrución.
O carballo vello cavilaba e cavilaba:
por que os humanos sempre os traizoaban?
Pensando e pensando deu coa solución,
gardaría unha landra na seu corazón.
Un labrego vello o tronco atopou,
levouno á súa eira e dereito o pousou.
O esforzo do carballo non caeu en van,
no seu tronco unha landra comezou a xermolar.
Pasaron crus invernos e agradables veráns,
e o carballo novo, landras volveu dar.
As landras prenderon axiña no fértil chan
e de novo, unha fermosa fraga se volveu formar.

Manuel Francisco Lamela Gómez
5º de E. P. C.I.P. Insua Bermúdez Vilalba

PRIMAVERA EN GALICIA

Días verdes da primavera,
da primavera en Galicia,
enchen de flores o campo e a figueira,
enchen o meu corazón de ledicia.

Florece o toxo no campo,
ao seu carón, de veciñas,
medran as carqueixas, as uces e mailas xestas
con flores amarelas e blanquiñas.

As árbores vístense de verde,
os paxariños cantan alegres,
fan o seu niño no alpendre,
o arco da vella esmorece.

Galicia, non quero deixarte,
non quero deixar as túas cores,
non podería vivir sen mirarte,
no meu corazón reinarían as flores.

Eva Fernández Paderne.
1º da ESO. IES de Guitiriz

SOMOS HÉROES

No futuro, mil anos adiante, vivía unha familia moi extraña, eran ¡super heroes!, e ademais, vivían aquí nas nosas terras de Galiza.

Ninguén sabía que eran heroes, era un segredo...

Esta familia estaba formada por: Martín, o fillo (o seu nome de heroe é Martinius), a súa nai Clara (o seu super nome é Chama) e por último, o menos importante, Marcelino, Tontiño para os superheroes (e moi toupa por eso lle chaman así).



Hoxe Martín foi á escola, coma todos os nenos da súa idade, non vaiades a pensar que Martín non vai á escola por ser superheroe. A súa nai é ama de casa e o seu pai é xefe de marketing.

Eu cando souben esto de Marcelino, pregunteime: Como conseguiu ese traballo?. Non sei, ó mellor grazas aos seus supersónicos poderes.

A mala sorte é que Clara, sendo tan lista, non dou atopado traballo, anque é moi boa tocando o saxofón, pero eso non o saben nin o seu home nin o seu fillo. Grazas a ser tan boa co saxo, toca na banda da academia.

¡Vaia familia máis rara!. ¡Teñen superpoderes!. O que non sabedes e que ¡Martín ten moza! (Chámase Juliet). Os dous están totalmente namorados.

E, preparadevos, que agora comeza a acción: Martín, o sábado foi a casa de Juliet, asou a tarde alí, ata que de súpeto, sonou o seu mobilreloxo, era a súa nai, díxolle que había uns ladróns atracando o banco, tamén chamou a Tontiño. Foron ata alá. Juliet, foi detrás de Martín, sin que a viran. A familia de superheroes salvou o banco e Juliet que estaba alucinando, non llo contou a ninguén, pero ao día seguinte díxollo á familia de Martinius. Todos abraiados. Ela prometeu que nunca falaría do seu segredo.

Mamá Clara, contou tamén a todos a súa afición polo saxo, xa que lle deron o título de mestra.

Organizaron unha festa, Clara deu un concerto e Juliet deulle un bico a Martinius por ser tan valente. El púxose tan vermello coma un tomate e quedou moi feliz.

Seguiron ca súa vida normal, ocultando os seus superpoderes, pero desexando usalos para axudar ao mundo.

Antía González Castro


3º Primaria C.E.I.P. Eugenio López (Cee)

GUIOMAR E O VOLCÁN

Érase que se era unha vez unha nena que se chamaba Guiomar e o seu irmán Cristovo. Un día foron ó colexio e a súa mestra mandoulle escribir un conto como deberes para participar nun concurso. Ó chegares á casa, resultou que había festa..., era o cumpleanos de Cristovo e con tanta tarta, refrescos, chuches..., non houbo tempo para escribir o conto. Pero o día seguinte era venres e xa había tempo dabondo para escribir o que fora.

Comenza o conto:

Nunha vila vivía moita xente que se adicaba á venda dos produtos que cosechaban nas súas fincas, eran labregos. Eran non moi ricos pero eran felices. Tiñan o que necesitaban e mercaban na tenda do pobo o que querían.



Unha noite houbo un gran ruído, todos miraron pola fiestra: unha montaña acababa de nacer, pero non era unha montaña normal... Era un volcán que botaba fume e unha masa vermella que se deslizaba polas ladeiras a moita velocidade. Facía moita calor. Un deles decatouse moi pronto do que se trataba. Un volcán é algo moi perigoso. Avisou ós veciños facendo soar a campá da igrexa, todos rapidamente fuxiron da súa vila. Agora viven con máis cartos porque hai xente que vai ver o volcán e pasan varios días contemplando a paisaxe. Hai un hotel, un restaurante e unha biblioteca. Todo mellorou, pero todos tamén temen que o volcán esperte e teñan que fuxir de novo.

E colorin colorado este conto xa rematei.

Rosalía Fernández Arias

1º de E.P. C.E.I.P. "Otero Pedrayo" Rabade



AS MULLERES

Son fortes como rochas
E puras coma o cristal.
Sinónimo de integridade,
Sempre loitan por superarse.

Co seu brillo iluminan
O lugar onde están.
Son tan belas, tan perfectas,
E cariñosas ademáis.

Cóidaas coa túa vida
Como unha xoia valiosa,
Porque as mulleres son
O tesouro máis precioso.

Unha esencia de nós.
Unha luz eterna que nos guía.

Noelia Otero Cabaleiro
María José Collazo Neira
1º ESO nº 1 A Estrada

A MULLER

Ela é a camareira,
unha escritora de novela romántica,
unha nai de tres nenos.

Ela é a xuíza,
Ela é a soldado,
Ela é a cirurxá... salvarache a vida.

Ela non é só unha cara bonita
Ela ten todo para loitar
Ela é a nai da raza humana
Ela non é só unha cara bonita.

Ela é a doutora
Ela é a limpadora
Ela é a executiva.

Ela é a profesora
Ela é a caixeira
Ela é a empresaria.

Ela non é só unha cara bonita,
Ela ten todo para loitar
Ela é a nai da raza humana.
Ela non é só unha cara bonita.

Ela é... todas e cada unha das mulleres
do mundo.

Jennifer Calviño Soto
1º ESO. Nº1 A Estrada

BERROS XORDOS

Esta historia é sobre o maltrato ás mulleres, sobre a superioridade que se cren que teñen os homes cara a nós e porque nin a min, nin creo que a ningunha muller, nos gusta que nos maltraten.

Todo empezou un día de marzo, cando dous rapaces se coñeceron nunha festa. Namoraron nada máis verse. Co tempo, coñecéronse máis a fondo e comezaron a saír.

Ela, Alba, é alta, morena, cos ollos marróns e delgada. É moi cariñosa e moi detallista, gústalle moito os nenos e é moi amable e ás veces bastante presumida.

El, Xabier, é máis alto ca Alba, tamén delgado, cos ollos azuis e louro. Tamén é cariñoso pero ten un defecto: ser posesivo demais, é dicir, que quere todas as cousas para el só.

Pasaran cinco anos desde que se coñeceran e a muller, Alba, quería casar. O home, Xabier, por outra banda, quería ser libre cinco anos máis. O pai da rapaza, ao ver que Alba quería casar, obrigounos a casar.

O home colleulle moita rabia a esa familia, pero casou. Viviron uns meses na casa de Xabier, pero marcharon por mor do traballo; tiñan que conseguir un.

Foron para Santiago de Compostela, pero non conseguían traballo nin casa; estaban vivindo no medio do parque e os traballos estaban esgotados.

Pasaron uns meses e unha señora acolleunos no terceiro piso da súa casa e deulles diñeiro, polo que se puxeron moi contentos. Agora tiñan un teito no que poderen vivir sen que a todas horas do día viran nenos xogando e mancándose, ruído a todas as horas... Ben, por uns meses, porque ao pasaren bastantes meses veu ao mundo un neno que lle puxeron de nome: Iván.

Os anos pasaban moi rápido alí, o neno medraba e Xabier conseguira un traballo nunha oficina; mentras tanto, Alba era ama de casa; pero, tamén pasaban moi amodo e tristes porque non tiñan ningún tipo de contacto coa familia. Vivían nun sitio moi afastado deles, pois antes, eles vivían en Sobrado dos Monxes, ao redor de sesenta quilómetros da súa casa actual.

O neno, Iván, cumprira tres anos e empezara a ir ao colexio. Coma a todos os nenos, aprenderonlle a pintar e a debuxar e gustáballe moito.

Un día, cando Xabier chegou á casa do seu traballo, viu a Iván pintando nuns papeis que eran moi importantes para o seu traballo e o fillo dixo:

-Mira papá, pinteite a ti, a mamá e a min.

Xabier acordouse do maleducados que foran os da familia de Alba, enfadouse e berroulle ao neno:

-¡Cala!

O neno ao escoitar o berro do pai quedouse cravado no chan. E moito máis cando escoitou a seu pai berrando con súa nai. O neno escapou da casa. Baixou para a casa da veciña, Patricia. e explicoulle todo o que estaba ocorrendo.

-Meu pai berroume e agora estalle berrando á miña nai- díxolle o rapaz.

-Non te preocupes, Iván, subiremos arriba- respondeulle Patricia.

Subiron os dous enriba e atoparon a nai chorando na cociña. Patricia díxolle ao neno:

-Iván, meu neno, podías ir a panadaría da esquina e coller o meu pan- díxolle Patricia dándolle un pouco de diñeiro-. Se lles dis que é para min xa saben cal che dar e, toma- dixo, dándolle un pouco máis de diñeiro- colle uns caramelos para ti.

O rapaz marchou voando pensando que canto máis rápido volvera máis llo agradecería Patricia.

Despois de se libraren do neno para falar, Patricia preguntoulle a Alba:

-Que che fixo?

-Só me deu unha labazada, nada máis.

-E a iso chámalle só! Iso faicho agora e levades tres anos casados pero entón cando levedes vinte, xa te mata!

-Xabier é moi cariñoso, iso fíxoo porque lle coincidiu así.

-Ti estas tola! Queres que te mate! Hai moitos casos así, e todos acaban como che estou dicindo, e ademais non me debías discutir isto, porque cando ti aínda estabas na barriga de túa nai eu xa estaba casada.

-Xa o sei, pero Xabier non é así.

-Eu creo que o defendes moito. Eu denunciaríao á policía por malos tratos.

Despois de que Patricia dixera isto oíuse a voz profunda de Xabier que dicía:

-A quen vai denunciar vostede, señora?.

-Só lle recordo que non se porte mal comigo, porque grazas a min ten un teito baixo o que vivir, e aínda llo podo quitar porque segue sendo a miña casa.

-Non me ameace, señora.

-Non é unha ameaza, é un aviso.

Despois de dicir estas palabras marchou para a súa casa e encontrou ó cativo polo camiño, e díxolle:

-Queda a durmir na miña casa.

-Vale, pero teño que ir avisar a miña nai-, dixo o rapaz un pouco preocupado non sabe que estou aquí.

-Non fai falla- dixo Patricia-. Se non estás nun piso, sabe que estás no outro.

O rapaz ceou alí e deitouse nunha cama ao carón de Patricia. Ao redor das dúas da mañá petaron á porta e escoitouse a voz de Alba, que dicía:

-Patricia, estás aí?

-Si, pasa.

Alba foi ata a habitación, quería falar con Patricia:

-Patricia, perdoa polo que che fixo antes o meu home. Sabes que ás veces non pensa coa cabeza senón co xenio que ten. E teño que confesarche outra cousa: volveume a pegar cando ti marchaches.

-Entón vas denunciar dunha vez ou aínda queres que che pegue máis?.

-E que non sei se mo vai volver a facer, está tendo unhas malas rachas.

-Pero aínda non che chegou! Eu de ti denunciaba, pero xa!

-Mañá xa falaremos- dixo Alba, un pouco preocupada.

Deitouse ao lado do cativo e estivo pensando niso toda a noite. Pola mañá espertou e díxolle a Patricia:

-Só lle vou advertir á policía o que me está facendo- dixo Alba- cando baixe voume vestir.

Nestes instantes sentiu ao seu home baixar e Alba subiu vestirse. O rapaz tamén se vestiu, na casa de Patricia, e marchou ao colexio. Pero volveu e subiu ao seu piso porque se esquecera de darlle un bico a súa nai e Patricia foi detrás del. Aínda que fora mellor que non subira porque encontraron a Alba tirada no chan e a Xabier cunha tixola na man. Iván agarrouse á saia de Patricia e Xabier, ao ver que o seu propio fillo lle tiña medo, saíu correndo, apartando a Patricia da porta.

-Agora si que o vou denunciar.

Marcharon cara á policía, e cando chegaron estiveron amañando uns papeis. Ás veces Alba dubidaba pero ao ver o rostro aínda asustado e agarrado á saia de Patricia do seu fillo, dáballes forzas. Ao cabo de media hora entrou Xabier agarrado por dous gardas, e metérono no cárcere. Alba e Iván botáronse a chorar: para eles era coma se morrese.


A vida foilles moito mellor: foron para a súa vila e viviron felices toda a vida.

Alégrame saber que o meu conto acabou ben pero maioría dos casos de maltrato ás mulleres acaban mal. Non son a única que está contra o maltrato ás mulleres, hai MILES DE PERSOAS.

Paula Roade Pérez
6º de Primaria Sobrado

POESÍA PRIMAVERAL


Hoxe, pola mañá,
asomeime á ventá,
unhas aves veñen
e outras vanse,
os paxaros
cantádonos;
o campo con flores
de todas as cores;
as bolboretas voando,
as súas ás ensinando,
os patos
nadando nos lagos,
os nenos nos parques xogando
e os pais falando.
O tempo primaveral
é un tempo moi especial!



Matías Prieto Cabaleiro

2º de Primaria C.E.I.P. de Foz Nº 1

A PRIMAVERA
No meu pobo hai un parque,
no parque hai unha árbore,
na árbore hai un niño,
no niño hai uns ovos.
Pasaron uns días,
e daqueles ovos saíron paxariños
moi pequeniños,
que medran comendo vermiños
e cantan pío, pío.
O pai e a nai ensínanlles a voar,
moitas veces caeron de cu no chan,
pero de súpeto moveron as ás
e arriba e abaixo
da paisaxe puideron disfrutar,
e o parque do meu pobo
conseguiron alegrar.



Noa Couto Hermida

2º de Primaria C.E.I.P. de Foz Nº 1

A PRIMAVERA

A primavera vai chegar,
o vento vai soplar,
o sol vai quentar,
a chuvia vai mollar,
o arco da vella vai sair,
os paxariños cantando sen parar,
os campos un vestido verde
van poñer,
moitas flores van nacer,
de moitas cores van ser,
as bolboretas
chegan contentas,
as abellas
o néctar van chupar
e moito mel van fabricar.
A primavera vai empezar
e a natureza vaino celebrar!

Carla Otero Lombán

2º de E.P. C.E.I.P. de Foz Nº 1

A PRIMAVERA

O cuco cantou
a primavera anunciou,
o inverno marchou
a natureza espertou,
as anduriñas en bandadas
están chegando,
polo ceo veñen cantando
porque o sol as está chamando,
os campos e prados
de flores se están cubrindo,
as abellas o néctar van chuchar
e moito mel han fabricar.
Moi ben os nenos o van pasar,
cando a primavera vexan chegar!

Paula López Sánchez

2º de E.P. C.E.I.P. de Foz Nº 1

O INVERNO

Na neve os nenos van xogar
porque o inverno vai chegar.
O outono xa marchou,
e o inverno á porta da miña casa chamou.
Un boneco de neve vou facer
para xogar con el.
Un gorro vai levar
e moi guapo vai estar.
Os ollos son dous botóns
de cor marrón.
Un nariz alaranxado
que nunca colle catarro.
Unha boca sorrinte
que non ten dentes.
Unha bufanda de lá
que moita calor lle dá.
Cando volva a nevar
unha moza xeadada lle vou preparar,
para que os dous xuntos
poidan estar
e moitos contos poidan contar.

Paula López Sánchez

2º de E.P. C.E.I.P. de Foz Nº 1



TEMPO DE INVERNO

Tempo de inverno, neve branca,
todos os nenos queren xogar,
nese chan blandiño que non manca
e invita a correr e a disfrutar.

Paisaxe de picos e montañas,
vento frío, grosas xeadas,
ti boliñas de neve apañas,
comeza a loita e o tempo das fadas!

Asubía forte o vento frío,
xa logo chega un Novo Nadal,
que conxela a auga do río!

A velliña cose co dedal,
pinta de cores co seu fío
tapadiña cun fermoso chal.

Paula Pérez López

2º ESO C.P.I. de Xanceda

O INVERNO

O outono rematou
e o inverno chegou.
Os campos están xeados,
as montañas nevadas,
as árbores espidas
e sen froitas madurar.
No meu pobo, moita neve
vai haber,
e moitas bolas vou facer,
a meu irmán llas vou lanzar,
aínda que el se poida enfadar.
Cando vexo a neve chegar
só penso en xogar,
e mamá dime que me vou
acatarrar.

Noa Couto Hermida

2º de Primaria C.E.I.P. de Foz Nº 1

O MISTERIOSO TELEXORNAL

Hai uns días no pobo de Vilabella ocorreron feitos un tanto misteriosos: na casa duns nenos o telexornal víase unha media hora máis tarde que no resto das casas do pobo. E estes nenos querían pescudar por que sucedía isto.

Xana era a lider, a xefa do grupo. Era baixiña, cunha voz moi aguda, tiña os ollos verdes como esmeraldas e un cabelo moi rizo e castaño. Todo o que ía sucedendo apuntáboo nunha pequena libreta.

Sabela coñeciase como “a Presumida”, e o único que lle preocupaba era que atrasaba o seu programa favorito. Tiña os ollos azuis coma o ceo e un cabelo dourado moi longo que lle chegaba ata a metade do lombo.

Olalla, a mellor amiga de Xana, era xustamente o contrario da súa amiga. Xana era moi activa, en troques Olalla durmía moitísimo e metíase unha sesta de catro horas. Os seus ollos eran marróns améndra igual co seu pelo.

Daniel, coñecido como Dani ou “o Informático”, xa que sempre andaba co seu portatil. El era o irmán pequeno de Olalla e tiña sete anos, mentras todos os demais tiñan dez. Os seus ollos eran marróns coma os de súa irmá e o cabelo sempre cunha cresta moi engominada, era medio loiro pois seu pai tamén o era.

Alexandre era moi alto e aparentaba máis anos dos que tiña. A el gustáballe Sabela pero non o quería recoñecer. Tiña os ollos verdes e o pelo moi curto da cor do chocolate.

Alberte criase o mellor de todos e chamábanlle “o Guaperas”, pois levaba o pelo con tupé e queríase parecer a un xogador de fútbol pois encantáballe xogar. Os seus ollos eran azuis e o pelo castaño.

Estes seis nenos tiñan a curiosidade e a preocupación de saber por que sucedía aquilo. Un día decidiron quedar na casa de Xana e puxéronse a dar as súas opinións sobre presuntos sospeitosos daquel caso.

-Eu penso que foi o mestre; sempre me pon moi mala nota e quería fastidiarme aínda máis, -dixo Alexandre moi enfadado.

-Eu penso que foi o entrenador de fútbol, porque sabe que xogo mellor que o seu fillo -sospeitou Alberte.

-Pois eu penso que foi a miña perruqueira, porque nunca lle deixo propina, -comentou Sabela con aire chulillo.

-Eu penso que foi miña nai, porque me castiga por durmir e non facer os deberes, pero faino quitándome de ver a tele e pechame no cuarto toda a tarde e o que fago é durmir, entón estamos na mesma, -dixo Olalla con voz un pouco adurmiñada.

-Pois foi o mestre de informática, sabe que sei máis ca el, -exclamou Dani, ríndose.

-Eu non sospeito de ninguén, pero investigaremos sobre o caso, -aseverou Xana.

Xana despois desta reunión apuntou os presuntos sospeitosos na súa libretiña de cor morada.

Ao día seguinte, Dani recibiu un correo electrónico no que poñía:

“ Querido Daniel:

Eu son o autor do cambio de hora do telexornal. Se queredes averiguar quen son, seguides as pistas que vos irei deixando.

Segundo saes do parque á dereita hai un cartel, nel está a pista escondida”.

Dani reenviou esta mensaxe a todos os do equipo e convidounos a falar sobre o contido daquela pista.

Xa na casa, suxeriu Xana:

-Por que non facemos o que di a nota, imos ó parque e miramos no cartel para ver o que pon?

-Vale, – dixeron todos á vez.

Cando chegaron ao lugar indicado só había un sinal no que poñía: ESTACIÓN DE AUTO-BUSES. Os nenos non sabían o que quería dicir aquilo.

Ao día seguinte pola mañá, Olalla encontrou unha nota debaixo da almofada e pensou que

sería o Ratiño Pérez, aínda que non lle caera ningún dente. A mensaxe poñía:

“Son eu outra vez. Aí vai a seguinte pista:

Chegastes ao meu oficio, agora seguíde os sinais que levan ata a cidade, alí chegade á piscina municipal”.

Olalla non chamou ao equipo, senón que decidiu ir ela soa mirar se había algo. Cando chegou había unha pintada que poñía: “ X. A.”, Olalla non sabía o que era e chamou a Xana para descifralo.

-Xana, que pode poñer aí? -dixo Olalla.

-Non sei. Xana e Alexandre? -respondeu Xana- bah! Non creo...

Xana quedou pensando toda a noite que significaría aquela pintada, e pola mañá cando o ía apuntar na súa libretiña encontrou outra mensaxe que poñía:

“Encontrastes a pintada, non si? Esas son as iniciais do meu nome. A seguinte pista é esta:

A pintada é o comezo, agora encontraredes os meus datos. Seguíde ata a pista de monopatinís, aí levo ao meu fillo todos os venres”.

Xana chamou a todos os do grupo e alá foron. Cando chegaron encontraron unha pintada nova que poñía:

“X.A.M.P. 58”.

-Eu penso que é unha indicación dun lugar -dixo Dani.

-Non, son os seus datos -replicou Xana.

Nese intre unha mensaxe soa no móbil de Sabela que ela lé en alto:

“Queridos nenos:

Xa encontrastes os meus datos, agora encontrade a miña dirección, ide ao voso colexio, alí estará”

-Iso é terrible! O colexio é moi grande e nunca a encontraremos! -exclamou Alberte.

-Eu teño moita fame, voume para a casa mendar. Despois xa quedamos na miña casa. Temos sorte de vivir na mesma rúa -dixo Alexandre.

Cando Alexandre chegou á casa, na porta do frigorífico había unha nota:

“Nas fontes está a resposta”.

Alexandre recoñeceu a letra do resto das mensaxes e chamou ao grupo. Contoulles o que poñía a nota e foron ao colexio. A mensaxe estaba debaixo da fonte e poñía:

“Rúa do Mariñeiro, 3º B”.

Hoxe non podían ir, pois xa se facía de noite e as súas nais estaban preocupadas, pero quedaron para o día seguinte.

Os nenos foron a esa rúa pero había moitos pisos e non sabían cal era. Nese mesmo momento chegou alí Alberte cun balón na man e alí poñía 12, que era o número do piso.

Ao chamar co timbre contestoulles un home:

-Eu son X. A. M. P. 58., Xosé Antonio Maciñeira Pereira, e a miña idade é 58 anos e son o voso condutor do autobús que vos leva ao colexio. Mentres subides no autobús colome na vosa casa e sintonizo a tele para que aconteza iso. Noraboa, sodes uns detectives estupendos!!!



Lucía Campos González

5º de E.P. C.I.P. Santo Estevo Parga

A PRINCESA DE PELUCHE

No corazón do bosque, dun bosque máxico, criaturas máxicas habitaban nel. Preto dun río, nunha casa de campo nun frío, longo e duro inverno vivían unha nena chamada Lorena, o seu pai Guillermo, a súa nai Montse e o can, Chispa.

No cuarto da nena enriba da cama, ao carón duns coxíns durmía unha princesa de peluche. A princesa, era alcu-
mada como “Mariña, a prin-
cesiña”. Tiña os cabelos
dourados e un vestido de
lá feito por Montse, unha
coroa de ouro atopada
polo pai nas profundida-
des dunha mina, e unhas
esmeraldas rastreadas
polo seu can Chispa. A
Mariña atopárona cando
Lorena tiña cinco anos,
agora xa é unha adolescen-
te. Lorena atopara a boneca
ao carón da lagoa das sereas,
e non, non se chamaba así
para atraer turistas, non, senón
simplemente porque había sereas de
verdade. Catro delas foron as sereas da
lenda de Ulises. Outra era a prima de Lorena,
Sabela.

Sabela era unha serea con cola de esme-
raldas e cabelos negros. Tamén era unha
das sereas do conto de Piter Pan. As sereas
odiaban o inverno porque, como o río estaba
conxelado, tiñan que andar por debaixo do
xeo, e rompelo para poder saír á superficie.
Pero, aínda hai mais criaturas. No alto do bos-
que había unha serra formada por tres monta-
ñas. Nunha había unha cova co mítico home
das neves. Noutra, outra cova, pero esta fei-
ta de xeo dourado, na que vivía a raíña das
neves, e na outra cova escura e sucia vivía a
meiga que todo o sabe co seu moucho Bruno.

Pero no noso caso, Mariña, a princesa, foi
metida no fondo dun baúl, e Lorena decidiu
abandonala ao carón da lagoa das sereas.

Mentres nas montañas, a meiga que todo o
sabe estaba a fregar os pratos, cando souo
a alarma de novidades, e a meiga berrou:-
moucho parvo, onde te méteche?

-uh... uuuh...aquí, miña señora...

-señora?!!!!!!!!, que só teño dous
millóns de anos. Ben, non im-
porta, vai a buscar a novida-
de.

O moucho Bruno botou
a voar, e foi á faena.

Cando atopou a boneca
colleuna para levarlla á
meiga, pero caeulle, e
pasou polas mans de
todas as criaturas do
bosque ata que ó final
caeu na lagoa das se-
reas, na casa de Sabe-
la. Sabela chamou pola
caracola de emerxencia
á ondonada das fadas.

Campanilla e as demais
fadas levárona á ondonada
e vestírona, lavárona e puxé-
ronlle po de fadas e deixárona
diante da casa. Para asegurarse

de que os lobos da meiga non a come-
rían, levárona á ventá do cuarto de Lorena.
Cando, por fin, saíu o sol, Lorena abriu a
ventá, atopou á princesa e díxolle:

-Síntoo moito. Non volverá a pasar. Per-
dóasme?

A princesa sorriu e Lorena tomouno coma
un si.

A partires dese día foron as mellores ami-
gas.

Fin.

Sabela López Rodríguez-Goy

4º Primaria Ramón Cabanillas de Santiago



AS AVENTURAS DE ULASES

Había unha vez un neno chamado Ulases, que sempre andaba argallando nas cousas. Resulta que un día ao entrar no seu armario colleu unha cuncha da súa colección, aínda que el non o soubera esa cuncha era especial.

Veredes, ao meter as orellas dentro dela, Ulases comezou a minguar e a minguar ata quedar, tan anano coma a propia cuncha!. Entón entrou dentro dela..., e de súpeto cando xa levaba percorrido os primeiros pasos..., xa estaba noutro mundo! estaba nunha illa, e Ulases non estaba desesperado non vaiades a crer, todo o contrario! púxose a explorar e a recoller froitos para a súa nova casiña.

Cando ía andando polo bosque, atopou a un señor, e díxolle:

-¿Como se chama esta vila?

-Chámase Vilariño.

Ulases dixo para si mesmo ¿Vilariño?..., esa era a vila máxica de Vilariño!, era unha illa de fantasía. El sabía porque lera o conto na escola.

A Ulases gustáballe moito esa vila, e máis ao estar dentro dela.

A vila estaba chea de zombis, meigas, dragóns..., só había un humán!.

A vila tiña un castelo, o castelo de Edihburding, aí vivían o rei “Bording V de Radap” (vampiro), máis a raiña “Isabela II de Vilariño” (meiga).

A Ulases gustáballe moito esa vila especialmente porque todos os anos se celebraba unha festa, a festa de Traspaltras. Onde se conmemoraba o aniversario do castelo de Edihburding. Os veciños de Vilariño adornaban a festa con cintas de cores e bolas de cor branca cunha bombilla dentro de ela para alumar.

¡Que sorpresa se levou Ulases cando descubriu que era ese día!

Ulases foi a festa e coñeceu a unha meiga moi fermosa, pero non era certo, porque..., en realidade, era un soño.

Ulases escoitou de repente...

-Ulases, Ulases!- cunha voz dominante de muller.

Entón foi cando se decatou de quen era... Era a súa nai, estaba claro.

E así acaba o conto, dunha forma rara pero acaba.

Adeus.

Uxio Vaamonde Murias

5º E.P. Rábade

A NENA E O BEBÉ

Unha chica e un chico tiñan unha filla e a chica estaba embarazada outra vez. Un día, o bebé deulle unha patada na barriga, pasou unha semana e a chica deu a luz. A outra nena tiña celos do bebé. O pai díxolle:

-Que che pasa?

A nena contestoulle:

-Sempre estades con él. A min non me facedes caso.

O pai díxolle:

-Querémoslle ao bebé tanto coma ti. O que pasa é que el é moi pequeniño

e temos que estar sempre pendentes, ti eres maior, xa podes facer algunhas cousas soa.

Que che parece se hoxe imos comer e logo mergullar ao parque?

A nena entendeu o que lle dixo seu pai e nunca máis tivo celos nin rabiada de seu irmán.



Carla Otero Lombán

2º E.P. C.E.I.P.de Foz Nº1

O RELOXO ESTROPEADO

Había unha vez un reloxo estropeado que se chamaba Josito. Era vello pero fermoso, sinxelo pero delicado, tamén era branco e morado pero estaba estropeado. Vivía na relojería de Xaime, no almacén, un lugar escuro e solitario según el.


Un día mentres buscaba a porta tropezou entre 30 e 40 veces, foi para a

súa estantería tremendo de medo. Entón notou que había algo na parede, tocouno e encendeuse a luz.

Finalmente veu a moitos reloxos tamén estropeados. Arregláronse uns aos outros, e agora algún pode estar na túa casa.

Uxía Sánchez Vázquez

3º de E.P. C.E.I.P. de Teixeira



¿ A FORMIGA TOLEOU?

Había unha vez unha formiga que estaba transportando un guisante, facía moito vento e entón, a formiga caeu ao chan, de pronto veuse reflexada nunha poza pero viu algo sorprendente. Viu colgada dunha árbore unha persoa, un ser humano, a formiga quedou alucinada.

A formiga, foi rapidamente a dicirlllo as súas irmáns, as súas irmáns non lle creron, e dixeronlle que se tanto lle preocupaba que irían alí.

Cando chegaron non viron nada e dixeronlle:

Non hai nada, ¿de verdade queres seguir buscando?

A formiga con máis medo aínda, dixo toda decidida que si, que aínda que por moito medo que tivese, que non se ia rendir. Seguiron buscando e buscando, pero non viron nada, cando volveron para o seu formigueiro, viu ao ser humano, alí estaba, na tenda de animais. A formiga foi a averiguar que quería facer, entrou á tenda e, viu que non estaba mercando nada, estaba vendendo algunhas tartarugas de terra. Viu que eran as tartarugas que vira o xoves pasado, cando ia a por miguíñas de pan. Foron moi amables con ela e, as tartarugas fixéranlle un favor, leváranas a dar unha volta no seu cascarón. Entón a formiga quería facer un favor, e subiulle ao ser humano polas pernas, e foilles picando. O home empezou a dicir:

¡Fóra! ¡fóra!. Os seus clientes pensaron que llo dicían a eles, entón fóronse. A formiga guiñoulle o ollo ás tartarugas e, axudoulles a escapar. A formiga acompañounas ao seu fogar, e, cando viña de volta para o seu formigueiro viu de novo a trampa, pero sen o ser humano e, tamén viu un esquío, que pronto se fixo amigo del.

O esquío díxolle: ¿sabes para que serve esta trampa?

E a formiga contestoulle: non, pero antes vin un ser humano dentro dela, pero as miñas irmáns non me creron. ¿Ti cresme?

O esquío contestoulle: eu, si.

A formiga toda contenta de que lle crera, díxolle: que ela quería demostrar as súas irmáns que era verdade, e, que quería averiguar que facía o ser humano alí colgado, pero antes ia comprobar para que servía a corda, colgada da árbore, ¿queres axudarme?

E o esquío contestoulle que si, que lle encantaría axudala.

E entón así foi, foron a preguntarlle á formiga sabía, e ela díxolles que, se a levaban a aquel sitio, que ao mellor sabía para que servía. A formiga e o esquío levaron a formiga sabía a aquel sitio, e esta díxolles que era unha trampa para animais, e preguntoulles se querían algo máis, e dixeronlle que non, pero que se quería axudalas, que podía, que elas ían á tenda de animais. Entón díxolles que lles ia a axudar.

Foron á tenda de animais e viron que non tiña clientes, seguro que polo do outro día. Estiveron alí un anaco e oímos, que lle dicía ao seu empregado que ó outro día, poñendo unha trampa para uns coellos, púxoas mal e entón quedou el atrapado, ata que un veciño veuno,

cortou a corda, e axudoulle a saír.

A formiga díxolles á formiga sabia, e ao esquió, que só lle faltaba que as súas irmás lle crearan, e dixo a formiga: ¿axudádesme?

E elas dixerónlle que si.

Entón díxolles a formiga: ¡imos!

Foron a chamar as irmás da formiga e díxéronlles: vide, ensinarémosvos que o que dicía a vosa irmá era certo.

Foron á tenda de animais e ensináronlle o ser humano, e despois foron a onde estaba a corda, e creéronllo, pero, dixerónlle: ¿pero logo, cómo explicas, que antes non a vimos?

E a formiga díxolles: ¡Non sei pero imos averiguar!

Preguntaronlle á formiga sabia, se ela o sabía, E dixo que cría que si. A ver sí facía vento, e a corda quedara enganchada na árbore, e logo ao día seguinte, volvera a facer vento e volvera a poñerse coma antes, é dicir, desenganchada.

É certo, estes días fixo vento, que listo es, dixo a formiga.

Cando remataron de falar, chegaron as tartarugas, e díxéronlle á formiga: grazas, invitovos a ti e aos teus amigos e irmás a cear. ¿Vides?

E contestaron todos, vale.

Entón foron todos ao fogar das tartarugas a cear.

O FEITIZO GATUNO

De repente, todos os nenos da clase convertíronse en gatos. A señorita Maite estaba..., estaba atónita; menos mal que estaba sentada porque senon houbera caído de cu. Eles divertíanse moito: xogaban coas súas colas, bigotes... Estaban felices, sobre todo porque xa non tiñan que estudar máis. Cando a profesora se deu conta de que estaba na realidade e non nun soño, foi correndo xunto ao director a contarlle o sucedido. Este chamou aos pais dos alumnos, que viñeron a recollelos en canto puideron.

Pasou o tempo, os pais estaban desconcertados, non sabían que facer. Por outro lado, os nenos ou “gatos”, xuntábanse na praza do pobo para xogar ou falar. Os demais nenos burlábanse deles, pero non lles importaba. Logo cansaron de ser gatos e todo o mundo quería volver á vida de antes, é dicir, á vida normal.

Durante este tempo, ás escondidas, o xefe da policía municipal xunto co director e a profesora Maite, estiveron a realizar unha investigación. Aínda non deran co resulta-



do. Un día, Maite deuse conta de que Raquel, Bruno e Miguel (os alumnos que non ían ao comedor escolar), non estaban transformados! Isto serviulles de moita axuda. Comezaron a buscar e buscar e deron coa solución. Alicia, a cociñeira do colexio, fora bruxa, bueno, fora é o que dicía ela, porque a verdade é que o seguía sendo e enfeitizara ós nenos.

Entrevistaron a e dixo que o fixera co propósito de conseguir que se portaran ben e que logo volverían a ser os de antes. Ao dicir isto volveron a converter en nenos, A partir de aí todo o mundo foi feliz, menos Alicia que estaba no cárcere, e estaría por moito tempo. Os nenos nunca olvidaron esta historia e xa agora a recordan con moita alegría.

Lucía Pérez López

5º de E. P. C.E.I.P. Teixeira

TODOS OS ANOS A MESMA HISTORIA

Todos os anos a mesma historia,
Cando máis bonitos están os nosos bosques,
Chegan eles e destrózanos.

Queiman todo, montes
Fragas e bosques.

Destrozan a nosa paisaxe
E ás xentes do lugar,
Enchen de carraxe.

Por culpa de catro inconscientes,
Os montes de Galicia
De cinsa están repletos.

Non teñen mellor cousa que facer
Que os nosos bosques destrozaren.
E aos pobres veciños
Non lles queda outra
Que a súa casa abandonar.

Oscar Álvarez López

3º ESO C.P.S. Monte Caxado As Pontes



ROSIÑA XA É MAIOR!

Habia unha vez unha vaca que tivo unha becerriña cunha manchiña rosa no fuciño. E puxéronlle de nome Rosiña. Todos os días mamaba e despois ía xogar cos seus amigos no prado. Coa súa amiga Branca xogaba a correr e a turrar.

Cando medraron, deixaron de turrarse, porque se mancaban cos corniños. Así que xogaban a pillarse co rabo. Un día o dono do establo, Bieito púxoas con outros animais: cabalos, ovellas e cochos. Quedaron sorprendidas. Pero decidiron coñecerlos. Fixéronse amigas dos cabalos e das ovellas, pero dos cochiños, non porque roncaban e estaban sucios. Pasou un ano. Rosiña estaba de cumpreanos. Celebrouno cos seus amigos e comeron unha gran tarta de herba. Pero o mellor foi o regalo sorpresa que lle fixo Bieito: dous brincos rosas para as súas orellas. Xa era maior!

Noa Pena Guerra

1º E.P. C.E.I.P. "Otero Pedrayo" Rabade

A VACA SUSAS

Teño unha vaca,
unha vaca que non é calquera,
chámase Susa,
e é unha vaca leiteira.
Esta vaca é diferente,
e non está en calquera lado,
está nun sitio moi distinto,
e calquera a pode muxir.
Estouna a ollar,
e non saio do asombro,
que fermosa é,
pero non sei como tocala.
Toda a xente a mira,
e non saen do asombro,
esta vaca non ule,
nin tampouco mancha.
Ai que leite máis boa!
Que leite máis sabrosa!
Susa é moi especial,
é unha máquina expendedora.
Os que non poden vivir no campo,
teñen sorte de ter esta vaca,
unha vaca con leite fresca,
unha vaca que non é calquera.
Unha leite con garantía,
unha leite con calidade,
unha leite que ven directa da vaca,
da miña vaca Susa.

Ismael Francos López

5º de E. P. C.E.I.P. Insua Bermúdez
Vilalba

OS LAGARTOS

Os lagartos van marchar
e choran desconsolados
as pedras dos valados.

Os lagartos, meus amigos,
cantan nas paredes,
e nunca o seu canto
os demais entenderedes.

Lagartos non marchedes
mirade que ven o sol,
con todos os seus raios
dan moita calor.

Os lagartos son animais,
seres moi especiais,
naide lles quere ben
máis non fan mal a ninguén.

Lagarto, lagartiño,
lagartiño, lagarto,
non marches desconsolado
no mes de maio.

Oscar Bello Castro

6º de E. P. C.P.I.Santo Estevo Parga



XOANIÑA , XOANIÑA

Prega ben as ás,
mírate no espello,
ponte esta guirnalda
da flor do cereixo.


Xoaniña non fixo caso,
do espello se apartou,
abreu as súas ás de ouro
e polo campo voou.

Xoaniña, Xoaniña,
ponte o manto e vente á misa.

Xoaniña xa se puxo
o seu lindo manto escarlata,
e vai voando a Roma
para que a vexa o Papa.

Alba Bergantiños Torres

3º de E. P. C.I.P. Lagostelle Guitiriz



QUERO O PLANETA GREEN

Osíxeno,
Bosques,
Vida,
Auga,
Mares,
Alimentos,
Ríos,
Campos,
E por suposto
Planeta.

Quero respirar osíxeno Green,
Quero os bosques Greens,
Quero a vida Green.

Quero a auga Green,
Quero os mares Greens,
Quero os alimentos Greens,
Quero os ríos Greens,
Quero os campos Greens,
Quero O Planeta Green.

Non quero contaminación,
non quero vexetación contaminada,
Non quero fauna contaminada....
Quero vivir nun planeta Green,
quero poder respirar,
quero querer, o planeta Green.

Por iso digo ben alto,
Por iso digo ben claro
Por iso claramente berro:
Non á contaminación!

Jennifer Calviño Soto

ESO les nº 1 de A Estrada

HISTORIAS DUN GATO LAMBÓN

Hoxe decidín escribir as miñas historias nun libro, e así cando pasen uns anos poderei rirme das miñas travesuras.

Empezar ei polo principio, chámome Lambón ou así me chaman os meus donos.

O meu dono chámase David e é moi bo, dáme de comer todos os días e antes de que mire para outro lado xa estou alí para comela, e nun abrir e pechar de ollos xa esta comida. O problema, penso eu, é dos cans anque me ven moi ben, porque me fortalece, gustaríame que o meu dono se lembrase algo de min cando vai facer a compra.

Eu vivo nunha casa, ben, eu non, só poden entrar nela o meu dono e a súa familia, eu vivo na parte de atrás. Á parte de atrás chámalle cortes e tamén viven uns animais de catro patas e moito máis grandes ca min, que lles chaman vacas.

A diferenza entre eu e elas, é que elas están presas e eu son libre. Eu dedicome a pasear, comer, e durmir. Supostamente os gatos cazan ratos, pero eu teño paciencia, eles agóchanse durante horas e horas, sempre quedo durmido e os ratos marchan. Cando pillo un, gústame celebralo xogando con el, mórdolle, tíroo polo aire, pásoo dunha pata á outra e cando morre cómo. Saben ben, o problema é pillalos.

Nas cortes hai unha gata que é moi bonita, pero mírame cunha cara que mete medo, ao parecer non lle caio ben, pero tempo ao tempo, porque que eu saiba os veciños do meu dono non teñen gatos, son todas gatas e a non ser que a gata das cortes non queira ter fillos, hase ter que conformar co que hai: eu.

Ela é branca, laranxa, marrón, negra, parda e ten raias. E eu parezo sacado dunha foto antiga, son branco e negro. Ás veces, ven a mellor amiga de Colorida. Colorida é a gata das cortes, e cando vén, eu sempre vou durmir.

Á amiga de Colorida si que lle gusta, sempre que paso polo seu lado levanta o rabo... Por unha parte é normal que eu lle guste, non creo que vise outro gato na súa vida e polo outro, normal, quen se ía resistir a un felino tan apostado coma min!. Xa o dicía miña nai, son o máis guapo de todos, normal non hai máis!.

Ben, ao que ía, sempre que vén vou durmir, porque empezan a falar e falar, e nunca se cansan.

Eu non podo durmir porque as oio falar, e eu para durmir necesito concentración, e estou desexando que se lles sequen as bocas e calen dunha vez.

Pois nada, así toda a tarde, eu optei por irme dalí, pero estaba tan a gusto... Se che digo a verdade é que son moi preguiceiro, ao final marchou, pensei que ía dar saltos de alegría, pero xusto cando me ía levantar, adormecín. Tantas horas esperando e ao final conseguino. Hoxe espertoume David. Víñame botar de comer, e pasou algo que nunca imaxinara. Colorida veu comer aquí, eu mirei ó meu amo e parecía estrañado coma min, pero sen lle dar maior importancia marchou. Eu dividín a comida en dúas, a metade para ela e a outra para min, non quería pelexas por iso.

E xusto cando ía falar con ela, e preguntarlle por que viñera comer aquí chegou a pesada da súa amiga, eu marchei e, coma sempre que paso polo seu lado, levanta o rabo.

Eu cando non durmo fóra, vou a unha corte que ten a comedeira a metro e medio do chan, alí sempre ou case sempre hai herba seca e sempre ou case sempre vou durmir alí. Pola tarde volveume a despertar David, íalle botar de comer á filla da vaca, tamén chamada becerra. Como xa dixen espertoume, púxome de pé, pasoume a man da cabeza ó rabo, e púxome no chan. Agora vou ver se marchou a gata veciña. E si marchou tamén Colorida, busquei por todos os sitios, e non a encontro, agora róxenme as tripas e voulle suplicar ao meu dono algo máis de comer. Primeiro, mira se o ve alguén e despois bótame. Botoume só dous graos e aínda teño fame. Miro para arriba e vexo que estaba aberta a porta da gaiola onde gardan o penso. Entro e como ata fartarme. Coa barriga chea vou durmir outro pouco para estar descansado mañá.

É pola mañá, hoxe síntome raro, vai moita calor, abro os ollos e vexo a cousa máis rara do mundo: Colorida veu durmir comigo, eu non digo que non me gusta, ao contrario encántame.

Eu xa sabía que tarde ou cedo esta caía. Ela estaba durmindo, eu fun comer, deixei a metade e carrexina na boca ata o seu lado, na última viaxe espertou, abriu os ollos e quedou atónita, eu dándolle a miña comida co lambón que son... ¡Mi madre!, parecía que ía botar foguetes, ela comeu a comida e veu xunta a min, acercouse a unha das miñas orellas e dixo: –Grazas-, logo marchou. Ten un traballo moi importante, cazar ratos. Todo é perfecto, eu fago o que non fai ela: durmir e pasear, e ela fai todo o que eu non fago, cazar ratos. Estiven toda a mañá nas nubes, sentíame lixeiro, andaba flotando.

De súpeto aparece a gata veciña alí diante, co rabo ergueito coma sempre. Dígolle que Colorida está cazando, e di que ven verme a min.

Eu, aterrado, dou a volta, pero cando vou dar un paso, di: quieto ou chamo ó can! Eu non lles teño medo ós cans, xa que aquí onde vivo hai árbores e os cans non poden subir, eu si. Dei o primeiro paso, a gata veciña bota un berro e aparece o can, eu marchou. Súbome a unha árbore, póño-me nun lugar seguro para non caer e póño-me a durmir.

4 meses despois

Xa fai tempo que non escribo, empecemos polo principio, o día que veu o can, David botouno dunha patada, e non se volveu a ver e a gata veciña tampouco. Todas as gatas veciñas miran con celo a Colorida, xa que eu máis ela imos ter fillos. Ao principio dábame medo, e agora tamén, que queres que che diga, vaime quitar moito tempo de facer as miñas actividades favoritas: pasear e durmir, de comer xa non digo nada xa que ninguén me vai privar de facelo.

Agora mesmo, Colorida está a chamar por min a berros. Eu vou correndo e cando vexo que algo lle asoma por tras eu desmáio-me, a ambulancia case ten que vir, pero non por Colorida, non, senón por min. Estiven media hora nalgo ao que lle poderemos chamar en coma.

Cando esperto e vexo seis gatiños pequenos case me desmaio pero non o fixen, a verdade é que eran tan bonitos... Eran meus, ben, nosos. Colorida estaba durmida eu achegueime e deiteime con ela. A partir daqui terei traballo e traballo pero vai merecer a pena.

Espero que vos gustara, esto foi todo esta vez, espero que as miñas travesuras non acaben aquí, e espero que este libro non sexa o derradeiro que escriba.

David Marante Manteiga
2º ESO C.P.I. de Xanceda

A NENA E OS GATOS NEGROS

Érase unha vez unha nena que tiña moitos gatos negros. Ela regalaba algúns, pero os negros ninguén llos quería porque dicían que cruzarse cun gato negro daba mala sorte. Outra nena non cría que os gatos negros deran mala sorte, esta nena xa tiña un gato negro así que decidiu comprar unha gata para ter gatiños pequeniños.

Esta nena comprou unha gata e a que máis lle gustou foi a negra. Pasaron uns meses e a gata tivo fillos negros e ninguén dicía que daban mala sorte, a todos lles parecían moi guapos.
-Que gatiños tan lindos!

Noa Couto Hermida
2º E. P. C.E.I.P. de Foz Nº 1



SEMPRE, PARA OS TRES

Domingo, 9 de abril de 1970

Ola papá, que tal che vai todo pola América? Xa hai máis de tres anos que te fuches e aínda non souben nada de ti. Non te apures por contestarme, comprendo que andas a traballar moito para poder volver a Galicia con cartos e así poder comprar máis vacas, as catro que temos agora xa van moi vellas e non dan moito leite.

Nós estamos coma sempre, como xa che contei nas mil cartas que che enviei e das que non obtiven resposta. A mamá segue enferma por aquel catarro de peito que lle impide levantarse da cama. Eu ando a traballar moi duro nas terras do patrón para así poder darlle de comer a mamá, aínda que desgraciadamente só sexa un cacho de pan duro. Papá, sinto non poder ir á escola, pero non teño tempo, sei que cando regreses vasmе rifar, pero espero que me comprendas.

As malas linguas do pobo din que na América xa tes unha nova familia, con dous meniños e todo. Eu sei que é mentira, xa que ti a nós, tesnos moito agarimo. Outra xente tamén di que morriches na viaxe en barco dende Fisterra á Arxentina. Non quero pensar que ningunha destas faladurías son verdade, xa que pensar en ti, aló onde te atopas nestes intres, faime ser mellor persoa, traballar máis cada día só coa ilusión de que algún día regreses cabo de nós, e mamá volva a recuperar o seu fermoso sorriso. Só quero que volvamos ser unha familia feliz, e recorda o que nos dixeches antes de marchar: “ Alá onde esteamos, a un quilómetro ou a mil, a lúa vai ser a mesma, vai estar aí sempre, para os tres “.

Un bico.

A túa filla Ana.

Lucía Roca Iglesias.

3º ESO les de Guitiriz

14 DE FEBREIRO DE 1958

-Corre Leonardo, corre. Corre tanto como poidas, non te pares ata que o fagan primeiro as túas pernas. Corre, e non mires nunca atrás. E recorda, ti xa non eres Leonardo, a partires de agora eres Manuel. Quero...

21 de xaneiro de 2011

-Precisa algo máis, señor?

-Non, Matilde, pode vostede retirarse.

E Matilde pechou a porta, deixando tras de si unha habitación chea de recordos. E aquel ancián en cadeira de rodas que vivía por e para aquela estancia. Dende pola mañá cedo refuxiábase alí, e pasaba horas mirando as paredes, cheas de retratos de cando el era novo. A Matilde tamén lle gustaba moito estar alí, sentíase protexida. Foron moitas as tardes que pasaba co señor Manuel mirando aquelas fotos. “Son todas moi bonitas”, dicíalle a muller ao ancián, cando este se afanaba tanto en que alguén lle recoñecese o seu tesouro máis prezado. Aínda así, había algo que Matilde non sabía e que preguntaba ao señor cada vez que tiña oportunidade.

Nesas fotos, que convertían a habitación do señor Manuel nun “collage supervintage”, como lle soía dicir a súa neta, saía unha muller fermosísima. Unha rapaza cunha mirada transparente e un sorriso embaucador que acaparaba toda a atención de Matilde. Pero cada intento que esta facía por coñecer algo sobre esa muller, topábase de fronte coa seriedade e rotundidade na negativa de Manuel.

Como cada luns, don Manuel recibiu a visita de Xerardo, o farmacéutico da vila e íntimo amigo do señor. Pero este luns, Xerardo non viña só, traía un rapaz novo con el. En canto Matilde lle mirou aos ollos, un arrefrío invadiulle o corpo. A mesma, a mesma mirada que a muller da foto, os mesmos ollos transparentes e profundos.

A visita do farmacéutico mantiña a Manuel ocupado toda a tarde, pero esta vez apenas estiveron dentro da casa unha hora.

Matilde non acostumaba a facer preguntas, pero esta vez viuse na obriga de preguntar ao señor pola curta visita de Xerardo. A resposta foi clara e contundente: “ Non quero que Xerardo poña o pé dentro da miña casa de aquí en diante”.

Dende aquela visita, a saúde de don Manuel empeorou, e o 16 de maio de 2011 faleceu. Foi un enterro multitudinario, pero a atención de Matilde centrouse nos acompañantes de Xerardo. Unha anciá engurrada pero fermosísima, e o xove que aquel luns acompañara ao farmacéutico na súa última visita a Villa Aurea.

Como se soe dicir “pasou o día e pasou a romería”, e Matilde voltou á casa na que estivera traballando os últimos dez anos. Dedicou unha semana a limpar e remodelar a casa. Todo, agás a habitación na que pasaba as horas don Manuel.

Non entrara alí dende o día que o atopou morto, sentado na súa cadeira e agarrado á foto daquela muller. Decidiu non tocar un ápice daquela estancia e así o faría.

Disto hai xa dous anos, e por iso o descubrimento que fixo Matilde hai unhas semanas é digno de mención. Entre as vaixelas do comedor de Villa Aurea, don Manuel deixou unha carta á súa muller de confianza na que confesaba o seguinte:

“Perdoa, perdoádeme todos. E ti, sobre todo, Matilde, perdoa por terte enganada tantos anos. Non me foi fácil marchar. Marchar sen mirar atrás, como ela me dixu, e abandonar así a miña vida. Fun egoísta, recoñezoo, mais os tempos eran distintos e eu valía demasiado. Namoreime dela con dezaseis anos, quíxena, máis que a ninguén, e pagueina cara. Arrisqueino todo por ela, e ela dábamo todo. Fomos felices, certo é que durante pouco tempo, pero hoxe podo dicir que valeu a pena. Despois fíxome marchar, pensou que era o mellor e o meu amor non me deixaba rebatila. Pero non me arrepinto, non, porque a miña infelicidade foi a súa ledicia. Grazas Xerardo, grazas por deixarme morrer despois de ver o meu fillo.

Grazas Matilde, por non preguntar máis do que debías”
Leonardo.

Amanda García Lorenzo
4ºESO les de Guitiriz



CARTA DE DESAMOR PARA UN NINGUÉN
Unha bágoa traicioneira deixouse manifestar esvarando pola miña meixela. Era a primeira e a última que derramaría eu por el. Nin unha máis. A primeira e a última. Era a primeira e a última que derramaría eu por el... Repetía unha vez tras outra de camiño á casa. Cheguei e encerreime no baño. Abrín a billa, lavei a cara con auga fría e mireime no espello; quen era eu? Quen era el? máis que unha triste historia de amor, nada máis que unha tolería de adolescente, nada máis que un pasado amor de quince anos. Intentaba ser forte. Intentaba non recordar esa escea que non conseguía quitar da miña mente dende os últimos vinte minutos. Intentaba odialo, intentaba non querelo, que-

ríao arrancar da miña vida coas miñas garras máis fortes. A min nunca me dixeron “nunca te namores”, a min nunca me dixeron “non o ames de máis”, a min nunca me dixeron “baixa das nubes”.

Porque igual que podes chegar alto, alto ata tocar o ceo cun dedo, pódeste volver abaixo, sen forzas e ata caer no máis, máis baixo.

Sofía Dono García
4º ESO. C.P.I. de Xanceda

A FUXIDA DO CAN

Un día un can e o seu dono estaban na súa casa xogando coa pelota. O home foi a por penso á tenda de mascotas. Cando viña para a casa, un amigo empezou a falar con el toda a tarde. Ao chegar á casa tiña unha nota do carteiro.

Trouxéralle un paquete amarelo e vermello. Era unha videoconsola negra moi grande con douscentos noventa e oito xogos. A el fixolle tanta ilusión que empezou a xogar ata o día seguinte.

Pola mañá o can quería comer, pero o home non lle enchía o comedero porque seguía xogando. O can ladráballe ao home para que lle enchera o comedero, pero nada. O home non se enterou e o can marchou da casa, e foi para unha cidade. Estaba pola estrada e unha anciá acolleuno pensando que era o seu can. Levouno a súa casa e dáballe de comer a todas horas.

O dono do can acordouse de que lle tiña que darlle de comer, pero o can xa non estaba.

O home e o seu amigo empezaron a buscalo pero non apareceu.

A anciá dáballe de comer, pero o can botaba de menos ao seu dono. Entón o can volveu a súa casa. O home encontrouno e desde aquel día sempre foron bos amigos.

Adrián Domínguez Pais

3º Primaria C.E.I.P. Eugenio López (Cee)

O TESOURO

Esta historia comezou no tempo de Nadal, concretamente o día da cea de Noite Boa.

Uxía e Braulio estaban na casa dos avós, coma todos os anos, as súas nais na cociña, daban os últimos retoques á cea, e mentras tanto no salón os seus pais, os avos, e o resto da familia contaban historias da súa nenez, ás que Uxía e Braulio permanecían moi atentos sentados na alfombra acariñando ó seu cadelo Pancho.

Todalas historias eran fermosas e intrigantes, pero, cando o pai de Uxía se se acordaba daquel gran tesouro que agocharan ó pe do río, e o pai de Uxía lle fixo con un xesto que calase a boca, os dous nenos miráronse cheos de curiosidade e..., aquí comeza a súa aventura.

Pasado o nadal, Braulio e Uxía seguían tendo nas súas mentes aquel tesouro do que os seus pais, que eran irmáns, falaban con tanto secretismo.

Comezaron a investigar, primeiro preguntaron á avoa, que por certo non sabía nada de nada. Logo ó avó, e á tía Lurdes, que tampouco non sabía da existencia de ningún tesouro.

Que mala sorte, diciáanse os nenos, nunca atoparemos esa misteriosa caixa, co longo que é o río e coa cantidade de salgueiros que hai xamais daremos con ela. Comezaban a darse por vencidos cando..., unha idea veu á cabeza de Uxía.

Moi doado, dixo Uxía, preguntaremos ó meu pai que parte do río e a súa favorita, e logo miraremos cantos salgueiros hai e cal e o máis fermoso, porque ó seu pé debe estar o tesouro.

Dito e feito, o pai de Uxía díxolles cal era a parte do río que máis lle gustaba para bañarse cando era neno e el mesmo lles confesou que o seu irmán sempre se tiraba á auga colgando dun salgueiro que había no mesmo sitio rodeado dunhas bonitas primaveiras.

Uxía díxolle a Braulio, -non che parece sospeitoso que só ó pé deste salgueiro haxa estas fermosas flores?.

Braulio, que para si pensaba o mesmo, dixo: -Qué afortunados somos, creo que demos con ela.

Comezaron a sacar terra e..., alí estaba o tesouro, unha caixa de latón moi antiga tapada cun pano encarnado da tía Lurdes. Sacaron con toda a ilusión pensando que atoparían moedas e incluso ouro, pero en realidade o que contiña era un montón de fotos antigas e xoguetes



do ano catapún.

Braulio tirou a caixa decepcionado, pero Uxía colocou de novo as cousas dentro e dixo: -a min pareceme un tesouro ben fermoso, enterrémola outra vez e metamos ó lado cousas novas noutra para que os nosos fillos poidan algún día buscar un tesouro tamén.

Non digamos nada disto así o segredo tamén pasará de xeración en xeración. Eles plantaron unha nova primavera naquel lugar, e dixeron para sí, este sí que é o lugar máis fermoso do mundo, non hai tesouro que poida compralo.

Noemí Romero Costa

6º de E. P. C. I. P. Santo Estevo Parga

VALENTIN PAZ ANDRADE

El fixo o que quería,
estivo no carcere
máis non se rendía.

Uxío, Castelao ...
para que Valentín fora escollido,
tivo que destacar
e a súa valentía
sempre se recordará.

Escribía e escribía,
mentras tiña luz o día
e non se cansaba,
a súa cabeciña traballar traballaba.

Foi avogado
e ben mandado,
pero de escribir non se quitou
pois era a súa paixón.

Uxía López


4º E.P. C.E.P. Santo Estevo Parga

POESÍA

Coma un trono,
a min viñeches.
Coma unha luz,
sen fogar.
Coma un raio
do luar.
A túa fermosura,
con toda a forza da lúa,
a min chegou,
e o meu corazón alcanzou.
Pero dixéchesme que non,
e a min me afectou;
coma un trono no corazón.

Óscar Candal Suárez

1º ESO. C.P.I. de Xanceda



ESENCIA ENXEBRE
A quen non lle gustaría
asistir a unha romaría
na que hai moi bo ambiente
e a que veña toda a xente?

Somos privilexiados
aqueles que nos xuntamos,
cantamos, rimos, bailamos
e coa música emocionámonos.

Unha gaita, un tambor
óense ao noso carón,
soaba unha muiñeira
co seu esplendido son.

E os postos de artesanía
con xente ao seu arredor
mercando cousas fermosas
feitas con moito amor.

Vendo uns "jipis" tirados,
nós pensamos:
¡que deixados!
Pero logo nos decatamos
que son felices
e moi animados.

Estou falando de Pardiñas,
festa con moito encanto
se nunca ata aquí chegastes
¿por que non vides este ano?

Noa Pena Bodenlle

6º E.P. C.E.I.P. Lagostelle Guitiriz



O QUE XAMÁIS APRENDE

Había unha vez un rotulador e un borrador que vivían nunha clase de primaria no encerado. O rotulador era fino longo e vermello. O borrador era goso, curto e amigo de todos. Un día o rotulador estabase chuleando do longo e vermello que era, e como se esperaba, veu o borrador e díxolle que daba igual como fora, sempre acabaría igual que os demais: seco e na papeleira.

-O rotulador non lle fixo ningún caso.

-Un día pola mañá estaba pavoneándose, cando a profesora o estaba usando por última vez, acabóuselle a tinta e foi directo a papeleira.

-Pedi axuda, pero ninguén acudeu.

Finalmente, o rotulador deuse conta do que lle dicía o borrador, pero xa era tarde; xa só se podía chulear ante papeis vellos e desperdicios.

Marcos Bermejo Díez

3º de E.P. C.E.I.P. Teixeira

AS PANTASMAS

Había unha vez un pequeno pobo no interior das montañas ao que ían numerosas persoas a visitar.

O atractivo do lugar era que alí había un castelo abandonado facía moitos anos.

Aquel sitio era máis bonito do que podamos imaxinar, pero a xente tiña medo de acercarse, pois falaban de aparicións e ruídos que metían medo. Todo estaba moi triste.

No que todos coincidían era que unha das pantasmas era unha linda nena cos cabelos dourados coma o Sol. Ninguén sabía o que acontecera naquela paraxe de ensoño, ata que un grupo de entendidos en feitos paranormais entrou dentro. Nada máis pasar unha porta escoitaron ruídos na parte de enriba e alí se dirixiron. Subiron as escaleiras, e levaron un susto de morte cando unha bandada de morcegos lles pasou rozando a cara. Abriron a porta dunha estancia e encontraron chorando a unha das pantasmas. Preguntaronlle o que lle pasaba; ela contestou que había moitos anos, cando era pequena, unha bruxa malvada chamada



Morticia transformara á pequena e a toda a súa familia en espectros. O embruxo chegou máis lonxe, pois ninguén da familia podería saír nunca máis dos muros do castelo. Dende entón, a nena vagaba polo interior sen poder ser unha rapaza coma as demais. Botaba de menos xogar cos seus amigos, corretear polo bosque...

Xoán, do grupo de investigadores, contoulle á nena que estudara moito o que alí acontecera. Tamén lle relatou que se dicía que a bruxa se arrepentira antes de morrer. Tamén lera que deixara un contrafeitizo para libéralos. Todo o grupo se dispuxo a buscar aquela pócema. Tiveron sorte e deron con ela. Levárona ao Castelo, e toda a familia a tomou transformándose nun instante en persoas de carne e óso.

Dende entón, toda a vila volveu a ser alegre e o castelo recobrou todo o seu brillo de antes.

Olalla Corral Abad

5º de E. P. C.E.I.P. Teixeira

UN DÍA DA POESÍA GRANDE COMO UN ANO

O día da poesía, grande coma un ano, é o día no que todo o universo se pón de festa lendo, cantando e escribindo poemas.

Unha nena chamada Aíseop era a encargada de anunciar que era o día da poesía, ¿por que era ela e non outra?, porque o seu nome dado a volta sería Poesía.

Pegou carteis por todos os planetas, que poñían:

**estÁ vostede
invitado ao
día da
poesía no
pl aneta azul .
(a terra)**

Cada vez estaba máis preto o gran día, e a xente de todos os planetas xa estaban a escribir unha ou dúas poesías.

O día chegou e todo o planeta non paraba de ler as súas poesías. Había xente e estrate-
restres de todas as galaxias e planetas coñecidos.

E foi cando todos e todas puxeron os ollos naquela nena poeta. Que no seu honor lle fixeron unha gran estatua que lle puxeron na placa:

**para aíseop a
raiña da poesía**

E desde aquel día foi a encargada de que todos os anos anunciara a gran festa da poesía.

E no ano 2012, Aíseop anunciou a festa da poesía poñéndose no alto da torre máis grande, e lendo unha gran poesía, que anunciaba o gran día.

Dicía así:

**para
os
estupendos
señores e señoras
interesados/as
a vir
Á festa da poesía
que serÁ o próximo
día
día de al egría
día de vida
vexÁN a terra**

Irene Espiño Valiñas

IES nº 1 A Estrada

XOÁN E LAURA

Un rapaz chamado Xoán tiña fama de ser moi valente, pero eu que me chamo Laura, non o creo. O outro día, unhos mariñeiros foron a casa de Xoán a dicirlle que oíran falar del e querían que lles axudara a poñer en marcha a súa viaxe, e Xoán díxolles que sí. Hoxe convidárono a ir con eles na súa viaxe, e eu pensei en colarme e así descubrir se de verdade é valente. Xa son as tres da tarde e vai comezar a operación disfraz. Non sei, non sei, xa está!, poñerei o chuvasqueiro amarelo, pedireille ó meu veciño a barba do disfraz de Papá Noel, poñerei as botas de goma, e listo. Un pé por alí, outro por alá, meto a cabeza e listo. Agora voulle dicir á miña nai se me deixa ir uns días de vacacións. Xa estou na cociña, alá vou. Mamá, deixasme ir uns días de vacacións con Pablo? Sí, pero tes que preparar a maleta. Dinlle un bico e púxenme coa tarefa, pero acabome de dar conta de que son mui baixiña, probarei cos zapatos de tacón, pero como teño barba, non podería ser home e muller ao mesmo tempo, entón direilles que son un anano.

Hoxe é día doce, e téñome que ir. Xa estou dentro e Xoán non dá vido, e teño a dúbida de se virá ou non, pero se ven seguro que trae pañais. Agora vai pasar nota o inspector, e menos mal que falta un, porque así pódome facer pasar por el. -Vostede é o señor Antón? Preguntou o inspector, e eu afirmei, e despois díxome que non me esperaba tan baixiño e tívenlle que explicar que era anano.

Acabamos de comer e Xoán aínda non veu, empezou a dubidar que veña... Anda alí chega, por fin, era hora.

-Perdón por el retraso!, dixo Xoán.

-Podes falar en galego, dixenlle eu.

-Es que soy de Sevilla, dixo el.

-Pois tes un nome moi galego para ser sevillano. El riuse e díxome que era broma. Primeiro tarda e agora ven falando castelán, pero este de que vai, pensei eu.

Esta noite tocoume durmir con el e polo que estou vendo, tiña razón, leva pañais. Decidinme a preguntarlle por qué os leva, e despois de dar varias voltas confesoume que era porque tiña medo.

-Pero non tiñas tanta fama de ser moi valente?. preguntei.

-Si, pero quen é moi valente en realidade é o meu robot, pero como me pareceu que iba ser moi divertido, quixen vir eu pero non lle contes este segredo a ninguén, por favor.

-A verdade é que eu en realidade, son unha cativa e chámome Laura, e o fin da miña viaxe era saber se de verdade eras tan Valente, como dicían.

-Que che parece se contamos a verdade? Preguntei.

-De ningunha maneira, senón descubrennos o segredo, dixo el.


Pero é que esta historia non ten final! Di unha nena das que lle estou contando o conto.

E logo queres que esté todo o día dicindo colorín colorado este conto está rematado. Ela contestoume que sí e decidín preguntarlle ós demais nenos o que pensaban.

-Eu voume que teño sono, dixo un.

-Eu perdo o autobús, dixeron varios.

-Adeus, dixeron todos a un tempo.



Pois vouno facer: colorín, colorado, este conto está rematado, colorín, colorado, este conto está rematado, colorín, colorado...

Ó mellor é que teñen razón, pero a historia quedou así, así, e colorín, colorado, este conto está rematado. Pero esta vez si que vai en serio, así que fusca, fusca.

Uxía López García

4º de E. P. C.El. P. Santo Estevo Parga

LUIS E CARMIÑA

Había unha vez dous nenos que vivían no bosque, un chamábase Luis, e a outra Carmiña. Luis era alto, algo regordete, os ollos eran azuis, a boca era pequena e o seu nariz algo puntiagudo. Carmiña era baixa, delgada, os ollos eran verdes, a boca algo torta, e o nariz algo aplastado. Un día Luis e Carmiña saíron fóra ao campo a xogar ao escondite, él agachouse detrás ao fondo nas montañas, e Carmiña contou. Ao acabar de contar, a rapaza empezou a buscar a Luis pero non o encontraba, entón a rapaza chamou a Chispa, o seu can, e aínda así non o encontraban. O rapaz metérase dentro dunha cova, e unha rocha caeulle enriba. Chispa e Carmiña seguían buscando pero non sabían dónde se metera Luis. Despois dunhas horas Luis berraba:

-Socorro, ¡axuda!, estou aquí.

Pero Carmiña e Chispa non o oían.

Despois dunhas horas, Chispa seguiu o rastro de Luis e encontraron a cova, o rapaz ao oír ruidos, para ver se o oían, berraba:

-Socorro ¡Axuda!, estou aquí.

Chispa e Carmiña oírono e forono buscar, despois levárono a casa, e curáronlle as feridas. Aquel día fora unha auténtica aventura ata que viñeron os seus pais de traballar, e dixeronlles:

-Que lle pasou a Luis?

-Pois, que lle caeu unha pedra enriba.

-Que pena, entón non podemos ir á festa do

tío Pepe.

-Pero podemos ir igual, porque estou ben!- contestou o rapaz.

-É mellor que non. Imoste levar ao médico, a ver que che dí, e despois veremos.

Foron ata o médico de urxencias, e díxolle que estaba ben, pero que deberían escaiolar a perna, porque a tiña rota.



De volta á casa, a nai de Luis decidiu facer a comida do tío Pepe na súa casa, para así estar todos xuntos como unha familia viuda que eran. Cando chegaron á casa e estaban todos xuntos, os pais dixeronlles:

-a partires de agora, rapaces, cando xoguedes ó escondite non o fagades en lugares perigosos nin afastados. Porque o que foi un simple accidente puido acabar en traxedia!

Sempre se pode xogar, pero nunca en lugares perigosos.

Anyela Roca Paz

4º de E. P. C.P.I. Santo Estevo Parga

LIBROS

Entro na biblioteca,
hai libros por todos lados,
todos en estanterías,
todos ben colocados.

Hainos grandes e pequenos
hainos gordos e delgados
con moitos tipos de letra,
verdes, brancos e encarnados.

Libros de contos de bruxas,
historias de medo e terror,
pero tamén de lindas princesas
nas que un príncipe lles declara amor.

Hainos de trasnos e fadas,
outros de historias reais,
algúns falan da natureza
e mesmo tamén de animais.

Gústame moito ler libros,
tamén algunha revista,
porque desas historias que leo
por un anaco, síntome protagonista.

Onte estaba nunha illa,
hoxe estou vendo o mencer,
non vos olvidedes nenos
da importancia que ten ler.

Uxía Gato Díaz

5º de E. P. C.E.I.P. Insua Bermúdez Vilalba

O FALLO DE COSMOS

Tereixa unha soñadora dende pequena, alta, esbelta, roiba, de ollos verdes e algunha que outra penca.

Galega de nación, nunca saíra de Galiza, pero ao acabar a carreira de astronomía e cosmoloxía tivo que ir a Estados Unidos a traballar na NASA.

Ela resignouse a marchar nun primer momento, pero marchou grazas aos ánimos que lle daba o seu fillo:

-Mamá, non pasa nada, só tes que ir aló a traballar, ademais volverás aquí cada seis meses, só son dous anos, vai mamá, é a túa oportunidade -animábaa.

Xoel, o seu fillo, era alto, de ollos verdes e pelo escuro. Tiña doce anos, era moi espelido,

O BARCO

Meu pai ten un barco
e chámase "o arco".

Eu son novato
e cando subo ao barco
póño-me coma un pato.

Subín un gato,
e moi bo porque
atopou un rato.

Corre que te mato!!

Tocou-me estar en estribor,
pero alí facía moita calor.

Mareábame, agarreime a unha corda,
e vomitei pola borda.

Pola noite, comida
mariñeira había para cear,
sabía tan mal que me puxen
a saltar,

e o gato por levarme
a contraria púxose
a bailar...

Oscar Novo Martínez

1º da Eso. Ies de Guitiriz



pero un pouco rudo.

Á semá seguinte, xa estaba en Nevada, tiñan unha casa rústica cerca da estación espacial. Ao mes, xa era unha experta. Ela encargábase de “Cosmos”, o computador, que se lle pos un lugar do espazo exterior no teclado, en moi poucos segundos, lévate a ese lugar. Pero como todas as máquinas, fallou, en vez de levar aos astronautas a dar un paseo polo cometa Halley levou a Tereixa. Pouco despois atopábase no cometa sobrevoando un burato negro.

Tereixa con tanta intriga mirou ao burato, con tanta mala sorte, que caeu.

/Mentres que caía, como no espazo non hai gravidade, pensaba na súa vida, no seu fillo e en Galicia.

-Esto non me pasaría en Galicia –pensaba.

Ao caer no burato divisou un planeta anano, intentou “nadar” ata el, costoulle bastante atravesar a atmósfera, pero mereceu a pena. O planeta pareceulle bastante familiar, parecíase moito á Terra, só que moito máis avanzado, os coches voaban, nas tendas había robots..., pero tamén o máis imprescindible: non había pobreza e había liberdade.

Mentres tanto, na estación espacial de Nevada estaban arreglando a Cosmos. O computador tivera uns cantos desperfectos ao ir Tereixa polo espazo. Os astronautas, tamén avisaran a Xoel que agora estaba axudando a arreglalo pero non lle ia moi ben.

-Terémola que dar por morta, nunca poderemos sacala de ahí- dixo un astronauta señalando o computador-. Quen sabe onde estará?

No planeta Elion, que así é como se chamaba, Tereixa preguntábase como saír de aló, e ocorreuselle unha idea.

Coñeces ou oiches falar de Cosmos o computador? - preguntoulle a un lugareño.

-Sí, está no museo da basura galáctica -apresurouse a dicir: “se queres vou contigo”.

Unhas sete rúas máis aló estaba o museo. Aí é donde foi parar Cosmos, pero de basura galáctica.

Despois de catro horas, Tereixa namorouse do lugareño. Pero o máis importante foi que encontrou a Cosmos.

-Quedate aquí conmigo- dixo Malacalá, según él, o nome máis vulgar do lugar.

-Non, teño un fillo, e seguro que está moi preocupado.

-E se nunca volve, Cosmos xa está rematando, pero non sabemos onde está, se cadra está en Marte, ou no Sol, ou en ...

Antes de que Xoel puidese dicir algo máis, o computador acendeuse.

-Xoel, Xoel, estás ahí? –dicía Xoel-. Cosmos está rematado e... como estás falando con nós?

-Estou na Terra do futuro ou Elion, como a chaman, e aquí atopei ao Cosmos do futuro -dixo Tereixa.

-Vale, só tes que coller o trasmisor, e poñelo en 1, vale?, e facer que saltas sobre o monitor, encendido, e así volverás conmigo.

-Sí, vale, xa está -dixo un pouco despois Tereixa.

-1, 2, 3, ...-dixeron ao unísono.

Tereixa xa estaba de volta na Terra e tamén estaba... Malacalá!

-Quen es ti? pregunta Xoel

-É o teu novo pai- dixo Tereixa.

Noelia Otero

Eso Nº 1 A Estrada

A PESCA

Hai un mariñeiro
na ría de Viveiro.
Vai ao mar moi cedo
aínda hai estrelas no ceo.

Hai un mariñeiro
na ría de Viveiro.
Vai coller sardiñas
coas redes na lanchiña.

Hai un mariñeiro
na ría de Viveiro.
Vai pescar xurelos
para dar aos seus nenos.

Hai un mariñeiro
na ría de Viveiro.
Vai buscar rodaballo
porque é o seu traballo.

Hai un mariñeiro
na ría de Viveiro.
Vai pillar pescada
de moi boa gana.

Xa chegou o mariñeiro
á Ría de Viveiro,
chega todo ledo
trae o barco cheo:
sardiñas, xurelos...

Noa Fernández Díaz

6º E.P. C.E.P. Lois Tobio Viveiro

O MAR

O mar é azul,
o mar é inmenso,
o mar ten peixes
que viven dentro.

As súas augas
son tranquilas,
máis se se enfada
moito se axitan.

Abano de cores
forman as súas ondas,
pero en brancas se transforman
cando unhas con outras chocan.

Elena Rey Pernas

5 EP.C.E.P. Lois Tobio Viveiro

A PESCA

No porto de Celeiro,
a marea está viva
escuma de area,
ondiñas de sal.


No porto de Celeiro,
moitos peixes hai,
trouxéronos barcos,
que veñen e van.

No porto de Celeiro
veñen redes cheas
de escamas prateadas,
que trouxeron as mareas.

No porto de Celeiro,
mariñeiros mollados
que veñen do mar,
co corpo cansado.

Celia Chao

6º E.P. C.E.P. Lois Tobio Viveiro



NUN REINO PERDIDO...

A princesa da escuridade chamada Zafiro dá voltas pola súa habitación. As súas curmás, Coral e Mar, entraron alí.

Zafiro tiña o pelo louro, os seus ollos eran dunha intensa cor azul escura, a súa pel era branca e resplandecente. As dúas irmás, curmás da princesa, eran xemelgas, os seus pelos eran azul celeste, os seus ollos negros, tiñan uns nariciños pequenos e tamén pencas, a súa cute era branca coma a da súa curmá.

As dúas xemelgas preguntaron a dúo:

-Zafiro, ¿que che pasa?

-Podo espiar a calquera- engadiu Coral, pois a súa especialidade era camuflarse en calquera lugar.

-Non fai falla – contestou a princesa-. Isto debo solucionar eu soa. Pero axudádeme a vestirme.

Zafiro puxo un vestido branco e amarelo, levaba o pelo solto.

As tres rapazas foron almorzar, a princesa só tomou un zume de laranxa, pois non tiña fame. Ela só podía pensar naquel neno que coñecera facía trece anos no único bosque do reino. Pediuille ao seu alce gardán, chamado Celeste, que a levara ao bosque.

Xa aló atopouse co rapaz.

-Ola, Zafiro – dixo o rapaz.

-Ola, Kevin.

-¿Que queres, princesa?

-Quero que veñas comigo a palacio.

-Vale, vou.

O rapaz colleu o seu cabalo e marcharon, Zafiro montada en Celeste e Kevin no seu cabalo.

Cando chegaron, a princesa chamou a seu tío:

-¡Tío, tío!

O home foi ó seu encontro e preguntoulle:

-¿Que pasa?

-¿Non eras ti o que dicía que debía casar xa? Pois atopei ao rapaz perfecto-. Kevin púxose vermello e a princesa preguntoulle:

-¿Kevin....?

-¡Si, si! ¡Claro que quero casarme contigo! Direillo aos meus pais.

O rapaz correu a dicírllelo aos seus pais e eles responderon:

-¡Fantástico, fillo! A min pareceme ben, -dixo o pai.

-¡Xenial, Kevin! Simplemente xenial – engadiu a súa nai.

Zafiro correu a voz por todo o palacio. As súas curmás saltaban de alegría e as cociñeiras puxéronse a pensar que farían de comida.

Aos dous días celebrouse a boda e todos foron felices para sempre.



Xana Cartón Morilla

5º de E. P. Teixeira

O DÍA DA POESÍA QUERE TER MÁIS CORES QUE O ARCO DA VELLA

O día da poesía non se sentía apreciado polos demais, xa que ninguén se acordaba del. El sentía envexa do arco da vella. Todos se fixaban no arco da vella e non nel, e sobre todo sentía envexa das súas cores tan chamativas.

Un día foi xunto ó arco da vella e preguntoulle:

-Dásme algunhas cores?

-Non- respondeu-, son moi importantes para min.

-Pois fágoche unha aposta. Se atopo unha cor máis bela cás túas, regálame todas as túas cores.

-Pois vale.

O día da poesía volveu á casa do arco da vella despois de seis días buscando a cor máis bela, e díxolle:


-Xa a atopei, é a cor da miña terra, é a azul celeste.

-Sí, atopaches a cor máis bela, -dixo tristemente o arco da vella.

-Toma as miñas cores.

-Ti mesmo o dixeches, esta é a cor máis bela e non quero outra.

E foi por todo o mundo ensinando esa cor máis bela e por fin, se fixaron nel, no día da poesía.



Pero aquela noite atopouse co arco da vella todo tristeiro pola rúa, e preguntoulle:

-Arco da vella, que che pasa?

-E que agora non se fixan en min.

-Pois toma a miña cor. Para min o importante é que sexas feliz.

E así, todo volveu á normalidade, pero o día da poesía aprendeu unha valiosa lección: "O importante non é o que tes senón o que es". E así o día da poesía alegrouse de ser o día da poesía.

Noelia Otero Cabaleiro

1º A les nº 1 de A Estrada

A LIÑA DA VIDA

Sen se decatarse e sen saber por que, chegou á beira do precipicio, ao punto máis baixo e imperfecto da vida. Na súa cabeza roldaban milleiros de enigmas e ningún remedio. O aire viña en contra.

Roldaban ás nove da noite, ela achegouse ao parque que se atopa a escasos metros da súa casa, sentou no primeiro banco que atopou. Vestía unha camiseta moi ancha cun debuxo abstracto que polas dimensións parecía de seu pai ou seu irmán, igual ca súa chaqueta escura, uns pantalóns rotos e unhas zapatillas a raias e na súa man dereita resaltaba un anel de ouro que non deixaba de observar. Alí estaba ela, coa mirada perdida no indefinido. O tempo pasaba con presa e sen pausa. Deron as dez e o parque estaba baleiro, a modo e melancólica achegouse ó banco que estaba máis preto dela, alí detrás colleu unha corda que tiña alí envolta, que ela mesma colocara ese día pola mañá. Achegouse a unha árbore, e volveuse sentar pero desta vez xunta ela. Naquel lugar coa cabeza baixa, pasáronlle moitas cousas pola men-

te, toda a súa familia, o seu entorno, todo o que a rodeaba; unha bágoa caeu pola súa cara.

Un señor, pasou por alí e ó vela, díxolle:

- . Rapaza, que fas aí sentada a esta hora? Levántate que vas coller un catarro!
- . Déixeme, soamente estou pensando...
- . Pensando? Cunha corda ao lado? Veña, arriba! -A rapaza empuxou a corda contra ela.
- . Non é nada, de verdade, non se preocupe.
- . Sei o que che pasa, enténdote, eu pasei situacións similares.
- . E que me pasa? -respondeu alterada-.
- . Cando temos momentos malos, o primeiro que pensamos é en desaparecer, en que a terra nos trague e nunca volver a aparecer. No meu paso pola terra tropecei miles de veces, caín e erguinme e así unha vez e outra, e outra... Ti sabes o que che queren teus pais? A túa familia enteira, os teus amigos, todo o que te rodea? Sábelo?
- . Supoño que si...
- . Non supoñas, afirma, eles quérente moito e o que menos queren é que fagas esa tolería que che está a pasar pola cachola, así que en pé!
- . Xa o sei, pero... Nada vai ben aquí.
- . Repito, se tropezas e caes, levántate e segue adiante e non todo é malo, hai cousas moi bonitas na vida, pero hai que saber aprecialas e hai que saber buscalas e aproveitalas, entendes rapaza?, -colleulle a man e axudoulle a levantarse, ela ergueuse-.

De acordo, intentareino, e se isto se me volve pasar pola cabeza, acordareime de vostede, e se volvo a caer e volvo abaixo desta árbore esperarei ata que pase por aquí, e me axude a valorar o que teño o meu arredor, se non son capaz de velo.

Así me gusta, rapariga. Anda vaite pa casa que xa van dar as once da noite, e mañá hai que madrugar e ir á escola.

Vale, moitas grazas, señor, acordareime sempre das súas palabras, prométollo.

Arroupáronse nun grande abrazo, e cada un foi polo seu lado perdéndose na escuridade desa noite de 23 de Abril.

Adriana García Álvarez

3º de ESO C.P.I. de Xanceda

O BILLETE DE LOTERÍA

Había unha nena e un pai que ían paseando pola rúa. O pai quixo comprar un billete de lotería e o único número que quedaba era o trece.

O pai dixo:

-Non o compro. O trece é moi mal número.

-Papá, non pasa nada. Todos os números son bos, - dixo a nena.

-Vale – dixo o pai.

Chegou o día do sorteo e o número premiado foi o 13!

O pai, a nai e a nena convertíronse en multimillonarios, e agora ao pai encántalle o número 13. Parécelle precioso!

Matías Prieto Cabaleiro

2º de E. P. C.E.I.P. de Foz Nº 1



SONO ETERNO

Sempre te sentiches lonxe de min,
xusto cando todo o que necesitaba
era unirnos o día no que te atopei.
Sempre te sentiches lonxe sen min,
meu amor, mentiras tan profundas.
Soño eterno meu.
¿Faríalo comigo?
Curar as cicatrices e cambiar as estrelas.
¿Faríalo por min?
Xirando, perdidos no interior do ceo.
Levareite lonxe.
Náufragos, nun día solitario,
consolo para unha meixela chorosa,
miña canción pode pedir a túa bendición.
Sempre te sentiches lonxe de min,
xusto cando todo o que necesitabas
era unirnos o día no que te atopei.
Sempre te sentiches lonxe sen min,
meu amor, mentiras tan profundas.
Soño eterno meu.
Sae, sae onde queira que esteas.
Tan perdido, no teu mar.
Cede, cede ante a miña caricia.
Para o meu gusto, para a miña luxuria.
A túa beleza cae en cascada sobre min,
nesta noite branca de fantasía.
Soño eterno meu.
Sempre te sentiches lonxe de min,
xusto cando todo o que necesitabas
era unirnos o día no que te atopei.
Sempre te sentiches lonxe sen min,
meu amor, mentiras tan profundas.
Soño eterno meu.

Alvaro Loureiro

4º ESO Nº 1 de A Estrada



QUERO

Morro afogada,
afogada en bágoas.
Morro afogada,
por un amor que non terei.
Morro afogada,
en sentimentos rotos.

Enamoreime de ti
e non te podo ter.
Enamoreime de vós
sen saber o que era o amor.
Sen saber o que era o amor,
enamoreime de vós.

Agora choro,
choro por ti.
Agora sorrío
porque sei que es feliz.

Morro afogada,
afogada en bágoas.
Morro afogada,
por un amor que non terei.
Morro afogada,
en sentimentos rotos.

Quero quererte,
quererte quero.
Quero estar contigo,
e sei que non podó.

Quero sorrir contigo,
e choro por ti.
Quero tantas cousas,
que só me levan a unha meta,
poder amarte
para sempre.

Jennifer Calviño Soto

1º ESO Nº1 A Estrada

CUKI, O MEU CAN

Cuki era un can pequeno, marrón e branco, moi bo e espelido.

Era moi rebulideiro, e andaba sempre co meu avó, xa que foi un regalo que o barbeiro da vila, que se chama Manolo, lle fixo ó meu avó xa que eran e aínda son moi amigos.

Cuki chegou á casa un día pola tardiña, meteuno miña avoa no patio, que temos detrás da casa vella, e o primeiro que fixo foi començar a ladrarlle ó noso gato negro, ó que eu lle chamaba Richy, digo que lle chamaba, porque morreu atropelado por un coche.

Agora o meu avó non pode andar, pero daquela si e gustáballe moito, ir ver as nosas fincas, e limpalas e Cuki sempre ia con él e coa miña avoa.

Estaban toda a mañá fóra, e o can nunca escapaba para a casa, inda que moitas veces cansábase, acercábase ó meu avó e daba dous ou tres ladridos para avisar, pero enton o meu avó dáballe un terrón de azúcar e xa se poñía contento. Comezaba a xogar coa terra e as herbas e poñía os pés e o bico todos cheos de terra.

Cando os meus avós decidían virse á casa, él viña correndo diante deles, logo volvía atrás etc, así ata que chegaban. Quedabase fóra na acera ou no patio ata que a miña avoa o chamaba para comer, xa que para dentro da casa non é, para estar os cans, dicía miña avoa.

Levábbase ben con todos os meus veciños, menos con un señor que se apodaba "Pepe de Xibela", que morreu, porque este señor gerreabao, enton Cuki enfadábase, ladráballe moito e ía detrás del un anaco ata que alguén de nos o chamábase.

Eu era daquela moi pequeno e lambíame a cara e as mans, e brincaba cara a min, para xogar.



Sempre andaba detrás do meu avó, menos cando poñía a roupa nova, ou collía o camiño para ir ao pobo, entón Cuki xa sabía que non podía ir, e quedaba sentado e tristeiro na casa.

Un ano polo Nadal, miña avoa rompeu un dedo dun pé e escaioláronlle a perna ata o xeonllo, e non podía traballar.

Entón, Cuki pasaba todo o tempo mirando para ela, e sentado ao seu carón.

Era un pouco rebulideiro demais, e non lle gustaba estar quedo, sempre andaba paseando.

Un día pola mañá cando nos erguemos, Cuki non estaba no patio, a avoa chamou por él e non acudía. Despois de buscar del un bó anaco, apareceu cerca da carretera todo ensanguentado e case moribundo, apenas abría os ollos, así que ás poucas horas morreu.

Todos choramos a morte de Cuki, en especial eu e a miña nai, pero meu avó aínda que non chorou, como lle quería moito fíxolle un furado na nosa horta, e envolveuno nunha camisa del para enterralo.

Alí está Cuki, enterrado na horta, e dende aquela todos o botamos moito de menos.

Alberto Fraga Miragaya

5º de E. P. C.I.P. Santo Estevo Parga

A OPORTUNIDADE DE MARTIÑO (*por Rosalía do Couto*)

Fai moito, moito tempo, tanto que case ninguén recorda canto, vivía unha humilde familia en San Simón, composta pola nai, o pai e tres fillos. O máis cativo dos tres irmáns era Martiño, un rapaz moi alegre e simpático que tiña unha minusvalía. Por esa mesma razón o coidaban tanto, aínda que el mesmo consideraba que non lle era necesario. Os pais de Martiño tiñan que traballar para pagar a renda por labrar as terras, e, neses momentos, éralles moi difícil págala pola ausencia dos dous fillos maiores xa que ían ó servizo militar. Martiño non comprendía por que el non ía tamén, (aínda que non soubese o que era) e escoitaba con curiosidade as novidades que traían, pois a el tamén lle apetecía coñecer mundo, descubrir cousas novas, coma o día que subira ao cume da montaña e comprobara que dende alí non se tocaba o ceo como el pensaba e vira que había ladeira, montes, casas, prados, e mirando ao lonxe, moi lonxe, parecía que se xuntaba outra vez a terra co ceo.

Certo día pola mañá, foi co seu pai á feira que había todos os domingos dentro da muralla do Castelo dos Condes de Andrade, a vender dúas galiñas e ver que prezos había noutros animais. De súpeto, oíronse chocar os cascacos dun cabalo e toda a xente deixou o que estaba facendo e formou un círculo. Martiño non sabía que pasaba e meteuse no medio da multitude, e puido ver que era un dos mensaxeiros do rei que comezou a falar:

-Anunciámoslles que o rei precisa alguén que coide os seus cabalos. Nunha semana preséntense no palacio os que queiran o posto.

A Martiño fascinábano os animais e cando lles falaba, parecía que lle entendían, así que voltou á casa e contoullo á súa nai, e ela respondeulle:

-Martiño, sabes que te quero moito e que a ti che gustan moito os animais, pero non creo que te collan a ti, un rapaz de familia humilde, podendo escoller outra persoa que sexa menciñeiro ou que teña coñecidos na corte real.

Martiño entristeceu, e díxolle á súa nai que quería facer algo importante coma as persoas maiores. A súa nai entendeu o importante que era para el, e ao ver que Martiño tiña razón, deulle o permiso para presentarse, pero díxolle:

-Martiño, se non te elixen, sabes que teu pai e eu pensamos que ti es o mellor coidador de animais que existe; pero, como comprenderás, se te elixen, estaremos moi orgullosos de ti e tamén te extrañaremos.

Ao día seguinte pola mañá, Martiño xa tiña preparadas as provisións para o camiño que, como seu pai lle dixera, non era corto. A súa nai, deulle unha peza de pan e dous queixos caseiros. Martiño despideuse dos seus pais, algo tristeiro e á vez ilusionado, e emprendeu a súa viaxe.

Polo camiño, Martiño non parou, estaba impaciente por chegar, polo que lle pareceu máis longo do que en realidade era; pois nunca vira nin un castelo, nin un rei. Despois de camiñar case tres días, viu o gran castelo do rei; por fin chegara ao seu destino. Chamou ao portón e un amable garda preguntoulle que desexaba e Martiño díxolle que viña para ser o coidador dos cabalos do rei e o garda díxolle:

-Pase, e espere co resto da xente.

Martiño entrou no patio, e veu sobre unha ducia de homes que tamén agardaban. Cando repararon na súa presenza, algúns facían por conter a risa ao ver as súas roupas remendadas e desgastadas; pero Martiño estaba tan ledo que non reparou niso, só lle impacientaba ver o rei. A media tarde, abreuse a porta principal e saíu o rei. Martiño veu que o rei era baixo, gordínflón, e sorrinte; pero o que máis lle chamou a atención a Martiño foi a súa capa prateada (dunha tea que Martiño nunca vira).

O rei comezou a dicir:

-Benvidos, queridos súbditos; como xa saben vostedes, busco coidador e adestrador para os meus cabalos. O elixido debe ser leal, honrado, disciplinado, cariñoso e, comprensivo cos animais. Para iso deben pasar todos vostedes unha proba:

-Teñen que coidar estas crías de cabalo moi especiais que veñen dun país moi afastado,

lévenos para as súas casas e dentro de dous anos volvan aquí e eu decidirei cal é o mellor coidado, o encargado deste será o cuidador e adestrador dos meus cabalos.

Leváronos a unha cuadra na que había unhas crías de cabalo tan pequenas coma cans e déronlles a cada un o seu.

Martiño colleu a súa cría da corda á que estaba atada e observouna atentamente mentras a acariñaba: era de cor marrón clariño coas crins rubias e uns grandes ollos castaños. Algo que lle chamou a atención a Martiño foi a mancha con forma de estrela na testa. Martiño presentouse:

-Eu son Martiño e se non tes nome, vouche chamar Estrela.

E así emprenderon a viaxe de volta cara a San Simón. Polo camiño, Martiño íalle contando a súa vida a Estrela, coa sensación de que o animal o escoitaba e o entendía.

Cando chegou a casa, os pais alegráronse moito de velo e preguntáronlle, como lle fora, ao que Martiño respondeu contando ilusionado a súa historia.

A Estrela instalárona no mellor lugar da cuadra acomodada de herba seca, e déronlle de cear un pouco de leite morno e algo de vellico.

Pasan os días, un mes, dous, tres, catro, cinco..., a pesar de que comía das mellores herbas, arbustos, e bebía do mellor leite, Estrela non medraba case nada pero si parecía moi sa, forte, e chea de vitalidade, e ata parecía que comprendía as conversas de Martiño. Estrela obedecía as ordes de Martiño e mostrábase coma un animal incansable. Pero non medraba e iso era a meirande preocupación de Martiño.

Pasados dous anos, a data de voltar xunto ó rei, Martiño ia preocupado porque Estrela seguía sen medrar, pero tiña que recoñecer que era moi esperta e obediente.

Con todo presentouse no castelo e veu ós outros coidadores, cada un co seu cabalo, pero todos eran moito máis grandes que Estrela. Logo decatouse de que tódolos demais se mofaban del e do seu cabalo.

Nestes intres presentouse o rei e botou unha ollada a tódolos alí presentes, feito o cal sorriu. Martiño pensou que se ría do tamaño de Estrela. Entón o rei dixo:

-Benvidos de novo, sorprendeme ver o tamaño das crías de cabalo anano que hoxe me presentades, parece que case todos esquecestes que un dos requisitos que debe cumprir o cuidador que busco é a honradez.

Todos menos Martiño miraron cara o chan avergoñados, só Martiño miraba a Estrela e repetía polo baixo:

-Es un ponie, es un ponie, por iso non medrabas.

O rei sorrindo achegouse a el e preguntoulle:

-Como te chamas?

-Martiño, de San Simón, señor, en Vilalba. -responden Martiño.

-Felicidades, o posto é teu, comezas mañá mesmo. Verás que non has ter queixa do salario. E os demais, xa poden marchar.

Un garda acompañounos ás cuadras, alí acomodaron a Estrela e mesmo ao lado, nunha casiña, Martiño.

Case tódolos días o rei visitaba a Martiño e mantiñan longas conversas sobre os desexos, opinións, inquiredanzas e preocupacións que tiñan cada un deles.

Así foi como Martiño pediu ó rei que mandase para a casa ós seus irmáns que estaban no servizo militar xa que os seus pais eran maiores e estarían moi sós. O rei así o fixo. E tamén mandaba un mensaxeiro de cando en cando con novas de Martiño para a tranquilidade dos seus país, así coma parte do salario do rapaz. A súa nai respostaba e acompañaba a resposta con tres ou catro queixos que tanto lle gustaban ó seu fillo e ó rei, que non deixaba de repetir o moito que lle gustaba aquela delicia de San Simón, que era e segue sendo hoxendía.

E así, colorín, colorado dou este conto por rematado.

Silvia López Lorenzo

6º de E. P. C.E.I.P. Insua Bermúdez (Vilalba)

PORQUE TI

O sol xa non sae,
porque ti xa non estás.
O sol xa non brilla,
porque ti xa non estás.

Eu quero pedir perdón,
por non saberte amar.
Eu quero pedir perdón,
por non saberte escoitar.

Eu sinto bolboretas,
cando te miro aos ollos.
Eu sinto bolboretas,
cando estás ao meu lado.

O sol xa non sae,
porque ti xa non estás.
O sol xa non brilla,
porque ti xa non estás.

Eu sigo aquí,
esperando que ti volvas.
Eu esperto do sono,
e vexo que nunca te tiven.

Un poema máis,
onde ti non estás.
Un poema máis,
onde ti nunca me amaches.

O sol xa non sae,
porque ti xa non estás.
O sol xa non brilla,
porque ti xamais me amaras.

Jennifer Calviño Soto

1º ESO. Nº 1. A Estrada

O ROSAL

Había unha vez un velliño chamado Xoán, que vivía só no campo co seu can chamado Farruquito. A súa muller facía moitos anos que morrera tras unha longa enfermidade. Tiña unha soa filla, Ana, e unha neta, Xelá, que vivían moi lonxe na cidade.

Solo viñan visitalo nas festas, tales como Semana Santa, verán e Nadal.

A Xelá gustáballe moito estar co seu avó, xa

O AMOR

Son un ser humano na vida,
que non quere estar viva.
Son unha rosa morta,
que non ten follas.

Son unha persoa,
coa vida curta.
Son sentimentos,
de corazón rotos.

É o amor por unha persoa,
que xamais me amará.

Jennifer Calviño Soto

1º ESO Nº1 A Estrada

FORTE

Se nalgún momento cres
Que a túa vida vaise a perder,
Que non é o que queres ver,
Que todo se volve contra ti,
De súpeto, o que era amigo, agora inimigo.
O que é branco, resulta ser negro,
O que era vivir, xa é malvivir.
Intenta non fuxir.
Non irte de aquí,
Permanece preto de ti
Loita contra as túas emocións,
Contra as túas bágoas,
Contra os teus berros de rabia,
De carraxe, de tanta ira almacenada.
Algún día pagarán,
Os que che intentaron facer mal,
Ou se non, tomarás,
A xustiza pola man.

Sofía Dono García

4º ESO C.P.I. de Xanceda



que aprendía moitas cousas. Unha das veces preguntoulle polo rosál que sempre estaba coidando. O seu avó díxolle que á súa avoa gustábanlle moito as rosas e que o plantaron cando ela máis él casaron. Engadiu que ao míralo, recordáballe a súa avoa á quen lle prometera coidallo sempre. Xelá recordou entón que a casa dos seus avós sempre ulía a rosas recén cortadas.

Foron pasando os anos e o avó foi envellecendo, sen embargo o rosál sempre estaba igual.

Un día o avó de Xelá púxose moi enfermo e tivo que levalo a ambulancia ao hospital. O avó non quería ir, xa que tiña que coidar ó seu rosál. Pensaba que si él non estaba, morrería. Fíxolle prometer a súa neta que o coidaría coma él.

Xelá sabía o importante que era o rosál para o seu avó, así que coidouno tan ben como o facía él. Cando o seu avó recuperouse e volveu a súa casa, foi directo ó rosál. As súas bágoas corrían pola súa faciana ao velo tan coidado como sempre. Agora, pensou: “xa podo morrer tranquilo, o meu rosál xa ten quen o coide, a miña neta Xelá”.

Lidia Novo Fernández

4º de E.P. C.E.I.P. Otero Pedrayo Rabade

ENAMORADA

Unha flor morre
cando non lle botan auga,
e unha persoa morre
cando non a aman.

A miña flor morreu
porque ti xa non a regas,
e eu estou morta
porque ti non me amas.

Sei que non me queres,
pero eu sigo enamorada,
sei que non me amas
pero eu sigo enamorada.


É imposible,
imposible é olvidarte.
É posible,
posible é olvidarme.

Unha flor morre
cando non lle botan auga,
e unha persoa morre
cando non a aman.

A miña flor morreu
porque ti xa non a regas,
eu estou morta
porque ti non me amas.

Jennifer Calviño Soto

1º ESO Nº 1 A Estrada



SINTO... AMOR
Sinto moito sufrimento,
aquí dentro.
Sinto uns latexos,
que me din morre.
Sinto amor,
por alguén que non teño,
e non terei.

Amor, amor, amor,
amor, aquí dentro.
Sufrimento profundo,
nun corazón moi roto.

Sintote dentro de min,
e iso faime sufrir.
Sinto que te perdín,
e para sempre.

Simplemente sinto,
amor.
Sinto... dor.
Sinto... amor.

Amor, amor, amor,
amor aquí dentro,
sufrimento profundo,
nun corazón enamorado.

Jennifer Calviño Soto

1º ESO. Nº 1 A Estrada

A HISTORIA DE XOÁN

-Avoa, por favor, cóntame unha das túas historias -díxolle Xoán a súa avoa.

-Ben, ben... ¿Queres que che conte unha de hai moitos anos?

-Si, si, si...

Entón, a avoa comezou a contar unha das súas fermosas historias...

-Moitos anos atrás, nun pequeno lugar agochado entre bosques, lagos e fermosas montañas, vivía un pequeno príncipe...

-¿Como se chamaba? preguntou Xoán.

-Mmm... ¿Paréceche que se chame Xoán?

-¡Si, si, chamado Xoán, coma min!

-Ben... Xoán vivía nun castelo xigante coa súa nai, a raíña, e o seu pai, o rei. Xoán tiña todo o que quería, dende coches de xoguete ata cabalos de verdade.

-¿Na súa casa había piscina?

-Si, tres.

-¡Uau!

-Pero Xoán non era feliz. Tiña todos os xoguetes que quería, pero realmente non era feliz.

-Pero..., se tiña todo o que quería, ¿por que non era feliz?

-preguntou Xoán sorprendido.

-Porque non tiña amigos, os seus pais non o deixaban saír dos xardíns do Castelo, porque tiñan medo de que alguén o levase para logo pedir un rescate, ademais os seus pais estaban sempre ocupados en asuntos de realeza e non lle prestaban moita atención.

-¡Pobre Xoán!

-Por iso, canso da súa vida, decidiu fuxir. Unha noite, cando todos no castelo estaban a durmir, fixo unha corda coas sábanas e saltou por unha fiestra.

-¿Non se mancou?

-Non, pero poderíase ter mancado, porque iso non se fai, pero de calquera xeito, Xoán quería saber o que había máis alá dos xardíns da súa casa. Saber como era a xente "normal". Entón, esa mesma noite fuxiu para ir á cidade.

-¿E os seus pais?

-Non se deron conta porque nunca estaban con el, a única que estaba con el era a súa coiadora. Cando esta se ergueu e foi despertar a Xoán, asustouse ó non atopalo alí. Entón foi correndo cara o teléfono para avisar ós reis que o seu fillo non estaba.

-Pero mentres todo isto acontecía, Xoán estaba nunha das rúas da cidade, sentado nunha esquina mirando abraiado á xente que pasaba, escoitando as súas conversas... Non pasaran nin cinco minutos cando se acercaron a el dous rapaces, un da súa idade e outro máis pequeno. Entón Xoán preguntoulle a onde ían e onde estaban os seus pais. Pero Xoán quedou asombrado cando os dous nenos lle dixeron que nin un nin o outro, sabían onde estaban os seus pais. Ata había pouco coidaraos unha muller que os recollera da rúa, pero esta muller había un tempo, e dende entón viven na rúa, sen ter que comer nin onde durmir.

Ó escoitar todo isto, Xoán estaba sorprendido e triste.

-¿E entón que pasou? ¿Atopárano?

-Despois de varias horas, atopárono temblando debaixo dunha ponte, pero non estaba só, estaba cos nenos. Despois, explicoulle a seus pais porque fuxira e como se sentía, e tamén lles



contou o que escoitara nesas horas.

Que coñecera a dous nenos, David e Alberto; e as súas vidas. Por todo isto, decidiu darlles todo o que tiña.

-¿E os pais fixeron o que pediu Xoán?

-Non. Fixeron moito máis. Abriron un centro para que todos os nenos orfos, sen cartos, e todos aqueles que o precisasen xogaran, comeran, durmieran... No centro había xoguetes para todos os nenos, libros de contos, acuarelas, camas para durmir e todo para facer unha gran familia.

Xoán tiña o que quería, máis atención dos seus pais, pero tivo que prometer que nunca máis escaparía, cousa difícil xa que agora tiña amigos e familiares de verdade.

-Pero entón... ¿Todos os nenos terían o necesario?

-Por suposto..., despois de todo o que pasou, todos os nenos da aldea tiñan os mesmos dereitos, para ter unha familia que lles dese unha educación, unha casa, comida e todo o que merecían.

-¿E como remata a historia avoiña?

-¡Todos viviron felices para sempre!

-¡Moi ben!..., pero é hora de durmir.

-¡Boas noites, avoiña!

-¡Moi ben! Pero é hora de durmir.

E cun bico na meixela, a avoa deixou a Xoán, que caeu no sono máis profundo.

Alberto Sánchez Castro

4º de E. P. C.E.I.P. Otero Pedrayo Rabade




Cada premiado ou premiada é arroupado polos nosos escritores

ETAPA RAIÑA



Juan Pereira Valiño

Neste percorrido por infantil, primaria, secundaria, bacharelato, Juan Pereira Valiño, natural de Pardiñas, participa neste certame e exposición, en varias edicións. No 2012 coma colofón a unha traxectoria.





Leticia Roca Núñez

Leticia Roca Núñez celebra neste Festival a súa participación en varios certames, dende o Colexio de Parga




ETAPA RAIÑA

David Pereira Rodríguez, tamén músico, achega a súa sensibilidade artística, forxada nestes anos, alternando o ensino regulado e xeiras de creatividade con amig@s e compañeir@os.



David Pereira Rodríguez





Queila Fernández Díaz expresa na diversidade da súa temática artística, un longo percorrido de estilos nestes anos de experiencia creadora.

Queila Fernández Díaz




ETAPA RAIÑA

Daniel Oliveira Varela, mostra co seu estilo particular de expresarse unha ollada lúdica da realidade ateigada dun humor característico da súa xeración.



Daniel Oliveira Varela





Lara García Vidal

Lara García Vidal con trazos orixinais alumea os elementos da vida cotiá, dándolles este destino estético.




ETAPA RAIÑA

Brais Veres Cordeiro, á par que se sucedían os certames e festivais de Pardiñas, foi afondando no universo da expresión artística, un océano sen lindes.



Brais Veres Cordeiro



CONVERSA CON NURIA PENA

Profesora de Plástica

Nuria Pena é profesora de Artes Plásticas no IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, e acompañou coa súa mestría o proceso de execución dos traballos que imos contemplar nesta Exposición de Pardiñas e tamén na Casa das Palabras, dos que temos aquí un anticipo. Preguntámoslle:



Nuria Pena cos alumn@s de 2º de bacharelato que participaron no certame deste ano

Pensas que a dedicación ás artes: pintura, escultura, letras... axudan á maduración da persoa?

Sen dúbida. A arte é unha forma de expresión e de indagación personal. Axuda ás persoas a coñecerse mellor a sí mesmas, a ser máis libres, e constitúe unha ferramenta que permite a exteriorización de sentimentos, de devezos, estados emocionais ...Ademais desenvolve a creatividade, necesaria para todos os ámbitos da vida e a sensibilidade á beleza. Os individuos que son capaces de apreciar a beleza que lles rodea son máis felices.

Cal é o espazo das artes no currículo de secundaria, bacharelato...?

Desgraciadamente é escaso en todos os sistemas escolares do mundo. Existen xa sobranceiras voces que reclaman un maior peso no currículo académico para as distintas intelixencias e en especial para o desenvolvemento da creatividade humana, cada vez máis necesaria, nun mundo que cambia a un ritmo vertixinoso.

En Galicia contemplase o ensino das artes

plásticas e visuais durante secundaria e materias optativas máis específicas durante o bacharelato: Debuxo Artístico, Técnicas de Expresión Gráfico-plásticas, ...que se ofertan en función da disponibilidad de cada centro. Existen centros cun Bacharelato Artístico específico onde a formación en artes ten un peso específico e está máis enfocada á continuación de estudos superiores relacionados coas artes.

Hai diferenza entre o estilo artístico dun alumno de primaria e outro de secundaria?

Normalmente o alumno de primaria é máis espontáneo e a medida que vai pasando pola escola, os seus traballos son máis tímidos, cun maior medo ó fracaso. Os traballos dos nenos son directos e francos, cunha menor autocensura, nos do adolescente vislumbra-se un maior dominio da técnica, unha utilización máis consciente das linguaxes artísticas e unha comprensión do espazo, que son capaces de debuxar con madurez.

XXXIII CERTAME TERRA CHA DE LITERATURA E DEBUXO

COLEXIOS DA TERRA CHÁ

DEBUXO

Educación Infantil

Iván Morandeira (Parga)

Adrián Santamariña (Parga)

Gabriel Iglesias Gayoso (Parga)

Educación Primaria

1º ciclo:

Beatriz Brites Pereira (Rábade)

Adrián Gonzalez Vazquez (Parga)

Abel Pena Bodenlle (Guitiriz)

Jorge Cruz Lorenzo (Parga)

Hugo Sanmartín Rodríguez (Guitiriz)

2º ciclo:

Lara Castro Díaz (Parga)

Beatriz Martínez Cabarcos (Rábade)

3º ciclo:

Uxío Vaamonde Murias (Rábade)

Lucía Campos González (Parga)

María Vidal Rodríguez (Guitiriz)

Noa Pena Bodenlle (Guitiriz)

Veronica Ferreiro Felpeto

(Mato Vizoso-Vilalba)

ESO:

Sara Campos González (les de Guitiriz)

Margarita Vidal Rodríguez (les de Guitiriz)

POESIA

Educación Primaria

2º ciclo:

Anyela Roca Paz (Parga)

Uxía Lopez García (Parga)

3º ciclo:

Manuel Francisco Lamela Gomez (Insua Bermudez de Vilalba)

Uxia Gato Díaz (Insua Bermudez de Vilalba)

Ismael Francos López (Insua Bermudez de Vilalba)

Oscar Bello Castro (Parga)

Alba Bergantiños Torres (Guitiriz)

ESO

1º ciclo:

Eva Fernández Paderne (les de Guitiriz)

Oscar Novo Martínez (les de Guitiriz)

Sabela Salgueiro García (les de Guitiriz)

NARRATIVA

Educación Primaria:

1º ciclo:

Rosalía Fernández Arias (Rábade)

Noa Pena Guerra (Rábade)

2º ciclo:

Ana María Arias Núñez (Rábade)

Lidia Novo Fernández (Rabade)

Alberto Santos Castro (Rabade)

3º ciclo:

Silvia Lopez Lorenzo (Insua Bermudez de Vilalba)

Noemí Romero Costa (Parga)

Alberto Fraga Miragaya (Parga)

Andrea Gil Engroba (Rábade)

ESO

2º ciclo:

Lucía Roca Iglesias (les de Guitiriz)

Amanda García Lorenzo (les de Guitiriz)

OUTROS COLEXIOS

DEBUXO

Educación Infantil

3 anos:

Iker Acevedo Rivas (S. Miguel de Reinante)

Saray López García (S. Miguel de Reinante)

4.5 anos:

Alber Val Bispo (S. Miguel de Reinante)

Samuel López Piñeiro (S.Miguel de Reinante)

Paloma Labandeira Sánchez (Sobrado dos Monxes)

Educación Primaria

1º ciclo:

Lucía Rocha Fernández (Nº 1 de Foz)

Paula López Sanchez (Nº 1 de Foz).

Alejandro Vázquez Espantoso (Nº 1 de Foz)

2º ciclo:

Iria Vidal Veiga (S. Miguel de Reinante)

María Rodríguez Mella (Xanceda)

3º ciclo

María Vazquez Alonso (Lois Tobío de Viveiro)
Xana Cartón Morilla (Teixeiro)
Ljuba Porsch Galera (Lois Tobío de Viveiro)

ESO 1º ciclo:

Adriana García Alvarez (Xanceda)
Yennis Fernández Randazo (Xanceda)
Tania Mosquera Castro (Xanceda)

2º ciclo:

Marcos Gómez Ares (Monte Caxado de As Pontes)

POESÍA

Educación Primaria

1º ciclo:

Matías Prieto Cabaleiro (Nº 1 de Foz)
Noa Couto Hermida (Nº 1 de Foz)
Carla Otero Lombán (Nº 1 de Foz)

3º ciclo:

Noa Fernández Díaz (Lois Tobío de Viveiro)
Celia Chao Escourido (Lois Tobío de Viveiro)
Elena Rey Pernas (Lois Tobío de Viveiro)

ESO

1º ciclo:

Jennifer Calviño Soto (Nº 1 da Estrada)
Oscar Candal Suárez (Xanceda)
Paula Pérez López (Xanceda)

2º ciclo:

Oscar Álvarez López (CPS Monte Caxado de As Pontes)
Noemí García Carbia (Nº 1 de A Estrada)
Alvaro Loureiro (Nº 1 de A Estrada)

NARRATIVA

Educación Primaria

1º ciclo:

Marcos Bermejo Díez (Teixeiro)
Paula López Sanchez (Nº 1 de Foz)
Uxía Sanchez Vazquez (Teixeiro)

2º ciclo:

Sabela Lopez Rodriguez-Goy (Ramón Cabanillas-Santiago)
Antía González Castro (Eugenio López de Cee)
Adrián Dominguez Pais (Eugenio López de Cee)
Sabela Lema Riveiro (Eugenio López de Cee)

3º ciclo:

Andrea Amil Barral (Sobrado dos Monxes)
Paula Roade Pérez (Sobrado dos Monxes)
Lucía Pérez López (Teixeiro)
Olalla Corral Abad (Teixeiro)

ESO

1º ciclo:

David Marante Manteiga (Xanceda)
Noelia Otero Cabaleiro (les nº 1 da Estrada)
Irene Espiño Valiñas (les nº 1 da Estrada)

2º ciclo:

Icia Rodríguez Arias (Francisco Aguiar de Betanzos)
Sofía Dono García (Xanceda)

PREMIOS COLECTIVOS:

Do A a Z con Alvaro Cunqueiro, de 3º de E.P. de CEIP Santa María de As Pontes
Plano de Sobrado polo curso de 5º de EP do CEIP de Sobrado dos Monxes
Os nosos trazos, rematando Bac, por Queila Fernández Díaz, Lara García Vidal, Dani Oliveira Varela, David Pereira Rodriguez, Juan Pereira Valiño, Leticia Roca Núñez e Brais Veres Cordeiro do les de Guitiriz.

PREMIO NOVAS TECNOLOXÍAS e SOPORTE AUDIOVISUAL

De 5º de EP do CEIP Santa María de As Pontes.

Os premios entregaranse o domingo 5 de agosto, ás 7 da tarde, no XXXIII Festival de Pardiñas-Guitiriz, no palco principal



Foto de “Sermos Galiza” anunciando o XXXIII Certame Terra Chá



Antía Cal Agasallando a unha das participantes no Festival de Pardiñas



Concello
de
Guitiriz



DEPUTACIÓN DE LUGO